

ARISTÓTELES: „O Estaxirita“

1.- VIDA E OBRAS

1.1.- VIDA (384/3-322) 62 anos (Tomé de Aquino chamoulle: "O Filósofo con maiúsculas" e Dante refírese a el como "o mestre dos que saben")

Discípulo de Platón, nacido en **Estaxira**, Tracia (hoxe Stavros), **fillo de Nicómaco**, médico do rei de Macedonia Amintas II. Perdeu os seus pais moi neno, e viviu en Pella, residencia da corte de Macedonia quedando ao cargo dun titor (Próxeno de Atarneia), quen ós 17 anos (no 367) enviouno a Atenas **ingresando na Academia de Platón**, onde permaneceu durante 20 anos ata a morte do seu mestre (no 348/347; cando Aristóteles tiña 37anos). Platón estimaba ó seu discípulo ao que chamaba "o lector" e a "mente da escola".

Ao morrer Platón, o seu sobriño **Espeusipo** ocupou o posto de director da Academia. Pola súa rivalidade con Espeusipo ou ben polo sentimento antimacedónico levantado a raíz da caída de Olinto (preto de Estaxira), **Aristóteles marchou co seu amigo Xenócrates a Assos** (preto de Troia), onde fundou una escola con outros platónicos (Erasco e Corisco) con axuda do tirano de Assos: **Hermias**. Aquí, ademais de ensinar filosofía, Aristóteles **inicia una serie de investigacións biolóxicas** (a bioloxía converterase en modelo de toda a súa filosofía, fronte ao modelo matemático de Platón). Alí **casouse coa sobriña e filla adoptiva de Hermias: Pithias**, da que tivo unha **filla do mesmo nome** que a nai. **Hermias**, tirano de Assos, tiña creado un pequeno Estado independente, pero **compartía con Filipo** de Macedonia o ideal de **unificación helénica para loitar contra os persas**. O xeneral persa Mentor apoderouse de Hermias a traizón e torturouno ata a morte na crucifixión (no 341): antes de morrer dixo "Dicídelle ós meus amigos que non fraqueei nin fixen cousa algunha indigna da filosofía". Aristóteles publicou un himno na súa honra.

Tres anos despois (no 344, ós 40) pasou a **Mitilene** (na illa de Lesbos, un pouco máis ao sur) por espacio de dous anos, onde probablemente **colaborou** co que chegaría a ser **o seu máis famoso discípulo: Teofrasto**, centrando a súa atención nas **ciencias naturais**. Un ano ou dous despois (343/342; ós 41/42) foi **invitado por Filipo de Macedonia** á corte de Pella para encargarse da **educación** do seu fillo **Alexandre (Magno)** de 13 anos (Alexandre viviu 355-323; nese momento Aristóteles tiña 42 anos). Esta misión na corte de Macedonia que consistía no influxo moral inspirado na „**política realista**“ de Hermias (unión de todos os gregos contra os persas) contribuíu a ampliar en **Aristóteles** os horizontes estreitos do grego de a cotío, pero **nunca deixou de considerar a polis como centro da vida**, e de ningún xeito chegou a compartir a tendencia posterior de **Alexandre á fusión de gregos e bárbaros (persas) nun plano de igualdade**.

Cando Alexandre tivo que facer de rexente (no 340/339; ós 15/16 anos) **Aristóteles volveu á súa cidade natal, Estaxira**, concentrándose en **sintetizar as súas observacións e reflexións**. Alexandre subiu ao trono (no 336, ós 19, cando Aristóteles tiña 48) e Aristóteles partiu definitivamente de Macedonia. **As relacións entre Alexandre e Aristóteles deberon ser cordiais moito tempo**, pois a petición de Aristóteles Alexandre, en pago pola débeda co seu mestre, reconstruíu Estaxira, que fora destruída por Filipo (no 348) e tamén lle enviaba material para os seus estudos de Historia Natural e grandes cantidades de diñeiro para as súas investigacións. **Pero cando Calístenes, sobriño de Aristóteles**, tomado ao servizo de Alexandre como historiógrafo por recomendación do seu mestre, **foi executado** por Alexandre, **as relacións entre Alexandre e Aristóteles arrefriáronse definitivamente**.

Aristóteles **volverá a Atenas** no 335/334 (ós 50), **onde fundou** a súa propia escola o „**Liceo**“ fóra das murallas da cidade ao lado oposto da Academia, nas **proximidades do templo dedicado a Apolo Likeios** (en latín: Licio), de aí o nome da súa escola: o Liceo; pois estivera ausente 14 anos e o desenvolvemento do seu propio pensamento impediulle volver a ingresar na Academia. A escola de Aristóteles coñecía-se tamén como "o **perípatos**" pola súa costume de discutir mentres paseaban por unha especie de galería. Dábanse **clases matutinas** para os seus alumnos e **vespertinas** para un público máis amplo e era como unha universidade ou institución científica equipada de biblioteca e un cadro de profesores que impartían cursos regularmente. Este é o **período de madurez** de Aristóteles no que sistematiza a súa propia filosofía.

Anque Aristóteles nunca aprobou a política imperial de Alexandre, **á morte de Alexandre** (no 323 ós 32 anos, mentres Aristóteles xa tiña 61) **rexurdiu en Atenas o sentimento antimacedónico** e acusouse a Aristóteles de **asebeia** (impiedade) por ter estado relacionado co caudillo na súa xuventude; anque o pretexto foi ter escrito en honra a Hermias: un "peán" ou himno reservado ós deuses. **Aristóteles retirouse a una finca herdanza da súa nai en Calcis** (Eubea, illa próxima á Ática) dicindo ironicamente que "**non quería que os atenienses pecaran por segunda vez contra a filosofía**" (alusión a Sócrates). **Tefrasto quedou ao fronte do Liceo.**

O ano seguinte (322/321, ós 62) **morreu dunha enfermidade de estómago**, ordenando no seu **testamento** ser **enterrado** xunto á súa primeira **muller: Pithias**, e dar a liberdade ós seus escravos. Da **súa „hetaira“** (cortesán ou prostituta, a veces de elevada consideración social) chamada **Herpilis** tivo un **fillo: Nicómaco**, quen morreu moi mozo na guerra.

1.2.- OBRAS

Aristóteles escribiu dúas clases de obras:

- a) **Exotéricas**: diálogos dirixidos ao gran público (apenas conservamos fragmentos)
- b) **Esotéricas** ou pedagóxicas: resúmenes das leccións dadas por el no Liceo (conservamos a maioría). No **século I a. C. Andrónico de Rodas** clasificou estes escritos por temas e publicounos. Os máis importantes son:
 - a) **Organon** (significa: instrumento): conxunto de libros de lóxica: "**Categorías**" (orixe do problema dos universais moi discutido na Idade Media), "Da interpretación" (sobre a proposición), "Analíticos primeiros" (sobre o siloxismo), "Analíticos segundos" (sobre a demostración científica), "Tópicos" (sobre razoamentos dialécticos) e "Argumentos sofisticos" (sobre falacias)
 - b) **Filosofía primeira** (despois bautizada por Andrónico de Rodas „Metafísica“): integrada por 14 libros e está composta de unha **ontoloxía** que trata dos primeiros principios e primeiras causas do ser en canto ser (conten: a crítica da teoría das ideas de Platón, a teoría sustancia-accidentes, teoría hilemórfica, teoría potencia-acto etc.); e unha **teoloxía** ou ciencia do ser máis excelente: o motor inmóbil.
 - c) "**Física**": 8 libros que tratan da physis=natureza: é unha ciencia para Aristóteles, contrariamente ao que dixera Platón
 - d) "Sobre o ceo": 4 libros que tratan de cuestións físicas
 - e) "**Sobre a alma**": 3 libros que tratan sobre antropoloxía e a teoría do coñecemento empirista
 - f) "**Ética a Nicómaco**": 10 libros de ética dedicados a, ou publicados polo seu fillo Nicómaco.

g) "**Política**": 8 libros. Mal ordenados: os primeiros corresponden á filosofía realista do Aristóteles maduro, e os últimos son do período do mozo Aristóteles cando aínda era platónico.

2.- ANTECEDENTES FILOSÓFICOS

Despois do **razoamento de Parménides** (o movemento e a pluralidade non existen) non se puido xa dar unha explicación monista do cosmos, se ao mesmo tempo se quería explicar o cambio ou movemento evidente para os nosos sentidos. Por iso, toda explicación posterior foi **pluralista** (Empédocles, Anaxágoras, Atomistas).

Durante o **período antropolóxico** (Sofistas e Sócrates), abandónase o intento de explicación cosmolóxica, centrándose os filósofos nos **problemas ético-políticos**. **Sócrates, opúxose ao relativismo sofista**, defendendo que é posible acadar un **coñecemento universal e necesario** (científico), ao menos dos conceptos morais mediante a definición.

Platón estaba de acordo co seu mestre Sócrates e estendeu o coñecemento universal e necesario (científico) non só ás ideas (definicións) morais e políticas, senón a **todas as ideas**, que compoñen o mundo das ideas ou intelixible. Estas ideas son os principios (arxés ou arquetipos) que se atopan xerarquizadas e culminan na **idea de ben**. Platón tratou de **sintetizar** a filosofía de **Parménides** coa filosofía de **Heráclito**, distinguindo entre o mundo das ideas (ser de Parménides) accesible só á razón, e o mundo sensible (devir de Heráclito) accesible só ós sentidos. Por tanto, a súa explicación é pluralista, pois as ideas, arxés ou arquetipos son tantas coma clases de cousas. Ademais, o mundo das ideas é transcendente ás cousas do mundo sensible, y este non é máis ca unha imitación imperfecta (por ser material) fabricada polo demiurgo que tomou como modelo as ideas ou arquetipos (arxés). Así, di Platón, as **cousas do mundo sensible** non son verdadeiramente reais (verdadeiramente ser), senón que **só "participan" do ser** ou "imitan" ás ideas.

Aristóteles foi alumno de Platón na Academia durante 20 anos. E ao principio adoptou a teoría das ideas do seu mestre. Pero Aristóteles era **fillo de Médicos** e o **seu interese non era** tanto o **coñecemento das ideas (idealismo)** procurando que a alma racional (**racionalismo**) recorde (**reminiscencia**) o que xa sabía anteriormente (como cría Platón), **senón** o coñecemento da realidade (**realismo**) a través dos sentidos (**empirismo**) seguindo o **modelo do biólogo** que el mesmo foi.

Por tanto, Aristóteles foi platónico entrementes permaneceu na Academia, pero logo **separouse da filosofía de Platón: deixou de defender a teoría das ideas, a inmortalidade da alma, a teoría do coñecemento racionalista, o dualismo antropolóxico, a unión teoría e práctica, e a política idealista** do seu mestre.

A filosofía de **Aristóteles** concibe a realidade (ontoloxía) de modo **realista** (non idealista coma Platón), a súa teoría do coñecemento é **empirista** (non racionalista); a súa **antropoloxía** afirma a **unión substancial corpo-alma** (non é dualista=unión accidental, coma a de Platón); a súa **ética** é **teleolóxica i eudemonista** (coma a de Platón) pero o **fin** (telos) que persigue é **inmanente** (non transcendente coma en Platón), a súa ética é tamén **menos intelectualista** e **máis empírica** que a de Platón; e a súa **política** é **realista i empirista** (non idealista nin utópica, coma a de Platón).

Os filósofos que inflúen nel son **todos** os gregos anteriores a el. Pero **en especial Empédocles** de quen toma os catro elementos (terra, auga, aire, lume); **Parménides**, contra quen afirma Aristóteles a posibilidade do movemento e a pluralidade; **Anaxágoras** coa súa idea de "**nous**" inflúe no deus de Aristóteles ou motor inmóbil, e fundamentalmente **Platón**, a quen lle critica a súa teoría das ideas separadas das cousas, afirmando Aristóteles que só existe o mundo sensible, que a Física é ciencia, que o coñecemento procede da experiencia, que no home a alma non está separada do corpo

nin está claro que sexa inmortal, que a ética é unha ciencia práctica, non teórica, e que a política debe ser realista e basearse na experiencia, non nas ideas.

3.- GNOSEOLOXÍA OU TEORÍA DO COÑECEMENTO: EMPIRISMO DE ARISTÓTELES, FRONTE A RACIONALISMO DE PLATÓN

Segundo o Estaxirita non nacemos con “ideas innatas” que a nosa alma xa viu cando vivía no mundo das ideas e que debemos “recordar” (teoría da reminiscencia) como pensaba Platón: aprender é recordar. Para Aristóteles a mente humana ao nacer é unha “tábula rasa” (baleira de coñecemento), así que a orixe do coñecemento procede da información dos sentidos (experiencia). Por iso a gnoseoloxía de Aristóteles é empirista e contraria ao racionalismo de Platón.

Máis en detalle como funciona o coñecemento humano? Segundo o estaxirita existen dúas ordes de coñecemento:

A) COÑECEMENTO SENSIBLE: Os sentidos son a fonte de todo o noso coñecemento. O coñecemento sensible trata sobre **individuos particulares**. Pero como a ciencia ten que versar sobre o universal, logo o coñecemento sensitivo, **anque é verdadeiro**, sen embargo **non é científico** porque nos dá información do que está en continuo cambio, da mutación das cousas.

Pasos do coñecemento a nivel dos sentidos:

1.- **Sensación:** É o punto de partida de todo coñecemento. Corresponde ós sentidos. Aristóteles distingue: **sentidos externos** ou propios (os 5 sentidos) e **sentidos internos** (sentido común, memoria, imaxinación). A información que recollen cada un dos sentidos externos debe ser unificada polo sentido común: ex. a visualización de Sócrates, a súa voz, o tacto do seu corpo, o olor etc. deben ser unificados polo sentido común como sensacións correspondentes ao mesmo individuo.

2.- **Imaxinación ou fantasía:** É un sentido interno superior ao sentido común. Ten unha función importante no coñecemento porque permite **conservar e reproducir** mentalmente **os obxectos en ausencia de estes**. A imaxinación é **axudada pola memoria** (outro sentido interno), que ordena as impresións sensíbeis no tempo e permite que sexan actualizadas polo recordo.

B) Coñecemento intelectual: trata sobre o **universal** (común aos seres da mesma especie). O intelecto ou entendemento é un nivel superior de coñecemento. O entendemento “**abstrae**” o universal e necesario, o fixo e inmutable que hai na información que aportan os sentidos. Polo tanto, como o entendemento pode producir conceptos universais, só gracias a el podemos obter ciencia.

Pasos do coñecemento a nivel do intelecto:

3.- **O entendemento axente ou activo (en acto):** chámase activo porque a súa actividade consiste en actuar sobre as imaxes (en latín „phantasmas“) da fantasía e “**abstrae**” quedándose co universal que hai na imaxe e deixando de lado o particular. O entendemento activo abstrae a forma a partir da materia e imprímea no entendemento paciente ou pasivo.

4.- **O entendemento paciente ou pasivo (en potencia):** chámase pasivo porque recibe a forma abstraída polo entendemento axente. O entendemento paciente é unha “**tábula rasa**”, é coma unha folla de papel en branco que está en potencia para coñecer, e coñece en acto cando recibe o intelixible aportado polo entendemento axente. **O entendemento paciente é propiamente o que coñece a través do concepto universal**, é el o que fai ciencia.

Consecuencias: Fronte a Platón, a teoría do coñecemento de Aristóteles é **realista i empirista**, posto que todo coñecemento comeza cos sentidos. Non son as cousas as que imitan ás ideas, senón que o entendemento (razón) adecúase ao que as cousas son realmente. Isto é posible porque as cousas son cognoscibles, intelixibles, teñen algo permanente, algo que o noso entendemento pode abstraer: a forma. **A verdade defínea Aristóteles como adecuación do entendemento á cousa, adecuación do pensamento á realidade:** Os filósofos medievais dicían que a verdade é "**adequatio intellectus et rei**".

4.- CLASIFICACIÓN DAS CIENCIAS

Posto que Aristóteles criticou a teoría das ideas “separadas” de Platón, Aristóteles separa as ciencias teóricas (exactas) das ciencias prácticas e produtivas: as ciencias prácticas e produtivas (ética y política: ciencias prácticas) non teñen o mesmo grao de exactitude que as ciencias teóricas.

4.1.- CIENCIAS TEÓRICAS OU CONTEMPLATIVAS: son ciencias **do necesario** e, por tanto, verdadeiramente universais e necesarias.

- a) **Lóxica:** non se ocupa de ningún tipo de entidades en especial. Para Aristóteles é un "**órganon**" (instrumento) previo a todas as ciencias e que todas elas deben utilizar. Trata da análise da linguaxe e do razoamento dedutivo.
- b) **Matemáticas:** Ocúpase do estudio da cantidade e o número, é dicir, de **entidades sen existencia real e non suxeitas ao movemento**.
- c) **Física ou filosofía natural:** Ocúpase dos **seres naturais, con existencia real e suxeitos ao movemento**, de "aquelo que ten en si un principio do movemento"
- d) **Filosofía primeira:** posteriormente chamada metafísica por **Andrónico de Rodas** no século I a. C. Divídese en dúas partes:
 - 1) **Ontoloxía**, que trata das propiedades máis xerais do "**ser en canto ser**" e cuxas teorías se aplican ás demais ciencias (á Física, por exemplo).
 - 2) **Teoloxía** que trata da primeira causa do movemento ou divindade aristotélica: **o motor inmóbil**.

4.2.- CIENCIAS PRÁCTICAS E PRODUTIVAS: son ciencias **do posible ou continxente**. Por non tratar do necesario, estas ciencias non son ciencias en sentido estrito, non son ciencias exactas.

- a) **Ciencias prácticas:** tratan do relacionado coa **conduta humana** e son dúas: **ética e política**.
- b) **Ciencias poéticas ou produtivas:** tratan do relacionado coa produción. A máis sinalada é a poesía pero tamén son ciencias poéticas a gramática, retórica, arquitectura, medicina, zapatería e, en xeral, toda arte.

5.- TÓPICO ABAU: FÍSICA E METAFÍSICA EN ARISTÓTELES

5.1.- METAFÍSICA: ¿Que é a metafísica?

Segundo Aristóteles existe unha ciencia xeralísima que se compón de dúas partes: unha parte que trata dos principios máis xerais do "ser en canto ser" (**a ontoloxía**), e outra parte (**a teoloxía**) que trata do ser máis excelso, a divindade que é causa do movemento: o motor inmóbil. Por ser a "ciencia dos

primeiros principios e primeiras causas", Aristóteles chamou a esta ciencia que se compón de dúas partes "**filosofía primeira**"; existen ademais outras distintas ciencias particulares, cada una das cales tratan dun tipo determinado de seres, pero non do "ser en xeral" nin do ser máis excelso como fai a "filosofía primeira". Todas estas ciencias particulares son só "**filosofías segundas**" e todas elas aplican os principios da filosofía primeira ós tipos de seres dos que tratan. Por tanto, a "filosofía primeira" é a ciencia máis importante de todas.

Trala morte de Aristóteles, un discípulo seu, **Andrónico de Rodas**, ao ordenar uns papeis de Aristóteles sen título, que viñan "despois da física", deulles un título a esta "filosofía primeira" que fixo correr verdadeiros ríos de tinta entre os filósofos durante 23 séculos: a "**metafísica**" (que significa precisamente "o que ven despois da física ou o que está máis alá da física"). Por tanto, a metafísica componse de:

A) **Ontoloxía**: ou "ciencia do ser en tanto ser" (do ser en xeral)

B) **Teoloxía**: ou ciencia do ser máis excelso, do deus de Aristóteles ou motor inmóbil.

A) ONTOLOXÍA:

Comecemos pola **ontoloxía** ou "**ciencia do ser en canto ser**" e remataremos pola **teoloxía** pasando pola **física**. A metafísica ou ontoloxía contén as **teorías máis xerais do ser en xeral**, do "ser en canto ser". Estas teorías metafísicas **son aplicadas por Aristóteles tamén á "física"**.

A.1.- TEORÍA DA SUBSTANCIA E ACCIDENTES

Todo o que existe son **individuos concretos** do mundo, non son ideas separadas coma para Platón. Todo o que existe ou "é" (ser) é unha **substancia (ousía) primeira**, un individuo o cousa concreta **ou é accidente** (simbekós), é dicir, unha propiedade da sustancia. Pero como os accidentes só poden existir nunha sustancia primeira, **en realidade o verdadeiro ser é, para Aristóteles, a „substancia primeira“, non tanto o accidente.**

Estas **sustancias primeiras** (Sócrates, Bucéfalo -nome do cabalo de Alexandre Magno que significa o que leva unha mancha na fronte-, unha determinada pedra ou árbore etc.) **defíneas** Aristóteles como **„aquelo que é (existe) en si mesmo e non en outro"**.

A **definición de accidente**, en troques, é **„aquelo que existe en outro"**, é dicir, un accidente só pode existir na sustancia primeira: unha propiedade de algo só existe se existe ese algo (cor, altura etc. do cabalo).

Isto quere dicir que estas "sustancias primeiras" teñen "**accidentes**" ou calidades (por exemplo, cando Sócrates chega a ser músico=alfabetizado, culto cambia un accidente de cualidade). Os accidentes realmente non existen "en si mesmos" senón "en outro": na sustancia primeira, neste caso Sócrates.

Aristóteles cre que, ademais da substancia primeira, existe tamén unha **substancia segunda (ou Forma)** que é a esencia dunha cousa; por exemplo: Sócrates é unha substancia primeira, pero a súa esencia (definición) é home= animal racional, esta é a substancia en sentido secundario que é derivada respecto da substancia primeira.

AS CATEGORÍAS: A respecto do coñecemento das cousas (gnoseoloxía): Cando o ser humano coñece as substancias e os seus accidentes **expresa este coñecemento nunha frase composta de suxeito e predicado**. O entendemento humano coloca no suxeito a categoría de substancia (primeira ou segunda; é dicir, por exemplo "Sócrates" ou "home" respectivamente) e no predicado as categorías de accidentes (9 posibles clases de predicados). É dicir, na realidade (ontoloxía) o que verdadeiramente existe son as substancias primeiras (Sócrates), pero como un ser individual pertence a unha "especie" (como Sócrates pertence á especie "home"), tamén podemos

dicir que a especie “home” é substancia, ser, existe, pero en sentido secundario: é **substancia segunda**.

Agora ben, deixando a un lado a substancia segunda e os accidentes que só existen gracias á substancia primeira analicemos: **¿que estrutura ten a substancia primeira ou verdadeiro ser?**: é un composto inseparable de materia (hylé) e forma (morphé).

A.2.- TEORÍA HILEMÓRFICA (HYLÉ=MATERIA, MORPHÉ=FORMA)

A teoría hilemórfica **soluciona o dualismo cosmolóxico de Platón ou problema do xorismós (separación das ideas respecto das cousas)**. Segundo Platón, as formas ou ideas son “**transcendentes**” ás cousas materiais. Aristóteles criticou que as formas ou ideas poidan existir “separadas” das cousas materiais (crítica de Aristóteles á teoría das ideas de Platón: no libro 1 da Metafísica).

Para solucionar o problema da “separación” (xorismós) de mundos de Platón, Aristóteles introduce a teoría hilemórfica dicindo que as “formas” non están separadas da materia, non son „transcendentes“ senón “**inmanentes**”, é dicir, están unidas a ela formando un “composto inseparable” (synolón) chamado substancia (ousía). Vexamos isto en detalle:

Deixando a un lado os accidentes, todo ser do mundo é unha sustancia primeira, un individuo concreto. Toda sustancia primeira é un **composto (synolón) inseparable de materia (hylé) e forma (morphé)**. Destes dous elementos que compoñen a sustancia primeira **¿cal é o máis importante? ¿cal é o elemento que fai que esa cousa sexa o que é?** Aristóteles contesta: **a forma; por iso a forma é a esencia**: o que a cousa é, o seu ser. Todos os individuos da mesma “especie” (por exemplo: especie dos cabalos) teñen a mesma forma ou esencia que se expresa na súa definición, pois todos eles pertencen á especie dos cabalos (cuadrúpedes equinos).

Pero entón ¿en que se diferencia un cabalo concreto de outro (por exemplo: Bucéfalo de Babieca)?, é dicir, ¿que fai que un individuo da mesma especie sexa distinto de outro? Aristóteles contesta: o “**principio de individuación**” é a **materia**. Como di Aristóteles ¿En que se diferencia Sócrates de Calias, se ambos pertencen á especie dos seres humanos? Aristóteles di: o principio de individuación, o que diferencia a un individuo de outro da mesma especie é a materia: “esta carne e estes osos” (os de Sócrates, distintos dos de Calias). Por tanto, a materia é o principio de individuación, o que “**individúa**” a forma. A forma, en troques, é común a todos os seres da mesma “especie”.

Polo tanto:

Substancia ou entidade: Ousía	{	Forma= esencia, o que a cousa é, ser da cousa, definición
		+ (composto “inseparable”:synolón)
		Materia= principio de individuación

Entón, dentro da sustancia **¿cal é o elemento que é verdadeiro ser? A forma, esencia ou sustancia segunda**. Así pois, todos os seres individuais do mundo (sustancias primeiras: cabalo concreto, Sócrates etc.) nacen e morren (**cambian**); pero tamén todo ser individual pertence a una “especie de seres” (especie dos cabalos, dos homes etc.); as especies son eternas (**permanecen**) e son **fixas, non evolucionan como dirá Darwin no século XIX (fixismo de Aristóteles fronte a evolucionismo de Darwin)**. Logo nos seres que nacen e morren hai algo que cambia e algo que permanece: o ser, o que permanece é propiamente a **forma ou esencia**.

En conclusión: Aristóteles **concede absoluta primacía á forma sobre a materia**. Isto débese a que Aristóteles foi **biólogo** (estudou os “xéneros” e “especies” de seres vivos para clasificalos). Pero estas

formas non están "separadas" na realidade da materia, senón unidas a ela formando un "composto" (synolón) denominado sustancia primeira (ousía). **Logo coa teoría hilemórfica Aristóteles soluciona o problema de Platón, o dualismo cosmolóxico, pero de momento sómente dende un punto de vista estático.** Sen embargo os seres do mundo (sustancias primeiras) non son estáticos senón dinámicos, cambiantes. Por iso a teoría hilemórfica é só unha parte da resposta, que aínda debe ser completada coa explicación do cambio, é dicir, dende o punto de vista dinámico **¿como se explica o cambio?**.

A.3.- TEORÍA PARA EXPLICAR O CAMBIO: TEORÍA DO SER EN POTENCIA E SER EN ACTO.

Segundo Parménides: O ser é e o non-ser non é; e como o ser non pode provir do non-ser (nada), logo o cambio non existe, só é aparencia dos sentidos. **Aristóteles**, ademais de superar a Platón coa súa teoría hilemórfica, ten que **explicar o cambio** negado por Parménides.

Aristóteles explica o cambio dicindo que, ademais do **non-ser absoluto (nada) de Parménides e do ser tal e como é agora (en acto)**, existe un **"non-ser relativo" (o ser en potencia)** que non-é aínda, pero que pode chegar a ser algo en acto: **exemplo da landra-carballo.**

O cambio consiste no paso do ser en potencia (belota, landra) ao ser en acto (carballo). Así, en todo ser hai o que ese ser é agora en acto (belota en acto) e a súa potencia para poder chegar a ser outra cousa (a belota é carballo en potencia).

O acto (en grego "energeia"=actividade e tamén "entelequia"=fin: telos), di Aristóteles **"é anterior á potencia"**, é dicir, **ten primacía sobre a potencia** (dýnamis) en **tres sentidos**:

a) **No noso coñecemento** (só podemos coñecer que algo está en potencia despois de coñecer cal é o seu acto: só podemos saber que a belota está en potencia de ser carballo, se previamente coñecemos o carballo).

b) **En dignidade e excelencia** (é mellor ter perfeccións que carecer delas)

c) **temporalmente** (para que poida existir algo en potencia ten que haber un acto anterior no tempo (Anque non pon este exemplo, para Aristóteles a galiña sería primeiro ca o ovo).

Analizando as palabras gregas que Aristóteles utiliza para falar de potencia (**dýnamis**=dinamismo) e acto (energeia=actividade e **entelequia**= contén a palabra "telos"=fin), poderemos **definir a concepción metafísica de Aristóteles: é unha concepción "dinámica"** (non estática coma en Platón e Parménides) i **é unha concepción "teleolóxica ou finalista"** coma a de Platón, pero o "fin=telos" non é transcendente como en Platón, senón **inmanente** ós seres. O acto é a finalidade=telos á que tende a potencia (dýnamis: dinamismo, cambio): todo ser tende a un fin inmanente ao propio ser: acadar a perfección da súa forma, é dicir, tende a **actualizar as súas potencias**.


A.4.-ÍNTIMA RELACIÓN ENTRE A TEORÍA HILEMÓRFICA E A TEORÍA SER EN POTENCIA E SER EN ACTO:

A teoría **hilemórfica** sirvelle a Aristóteles para **solucionar** o **dualismo** cosmolóxico de Platón (o "xorismós" ou separación de mundos), pero aínda só dende o **punto de vista estático**. Pero como para

Aristóteles só existe o mundo sensible, físico, e nel os seres están en constante cambio, este tamén debe ser explicado: a **teoría potencia acto** explica o cambio **solucionando** así o **problema de Parménides**: a súa negación do cambio.

Logo ambas teorías (hilemórfica e ser en potencia e ser en acto) están intimamente relacionadas: a primeira soluciona o problema de Platón (dende un punto de vista estático), a segunda completa a primeira porque explica o cambio das sustancias, é dicir, explica a realidade **dende o punto de vista dinámico**.

Polo tanto, o **ser en potencia equivale á materia (materia=potencia)** e o **ser en acto equivale á forma (forma=acto)**. E como dixemos que o **acto ten absoluta primacía sobre a potencia** (en tres sentidos), logo agora teremos que dicir que **a forma=acto ten absoluta primacía sobre a materia=potencia**. E isto é así porque para Aristóteles o **acto e a forma explican o fin (telos) inmanente** ao que tende o cambio: **acadar a perfección das formas**, ou o que é o mesmo: a **actualización das potencias**.



Vemos de novo como, para Aristóteles, a **concepción metafísica** da realidade (ontoloxía) é unha concepción **DINÁMICA** (non estática como en Platón e Parménides) e **FINALISTA**, pero non transcendente (como en Platón) senón **INMANENTE**: Os seres tenden a un fin inmanente ao propio ser: perfeccionar a forma, ou o que é o mesmo: actualizar as potencias.

A.5.- FÍSICA: APLICACIÓN DAS TEORÍAS METAFÍSICAS Á CIENCIA FÍSICA

A **física defínea Aristóteles** como: ciencia dos seres naturais inseparables da materia e que **levan dentro de si o principio do seu movemento**.

Todos os seres físicos=naturais (distintos de artificiais) son aquelas sustancias “**que levan dentro de si o principio do seu propio movemento**”. Pero ademais todos estes seres son sustancias "compostas" (non simples coma o deus aristotélico): son "compostas" (synolón) de materia e forma.

- A **xerarquía das sustancias naturais=físicas é:**

- 1) **Celestes ou supraluares**: son eternas pois **non nacen nin morren** e cuxo movemento é o movemento máis perfecto: o **circular**. A súa materia é unha materia especial: o **éter**. Este é a "quinta esencia" ou quinto elemento ademais dos catro de Empédocles que compoñen o mundo subluar.
- 2) **Terrestres ou subluares**: suxeitas a todo tipo de cambio. Son perecedoiras pois **nacen e**

morren (cambio substancial) e tamén cambian os seus accidentes (cambio accidental). A súa materia está formada polos **catro elementos** de Empédocles (lume, aire, auga, terra) dous deles son elementos liviáns (lume e aire) e os outros dous son elementos pesados (terra e auga). Por iso o movemento natural dos elementos é vertical cara arriba (os liviáns) ou cara abaixo (os pesados).

2.1.- **Viventes ou "animados"** (con alma= principio de vida) home, animais e vexetais.

2.2.- **Non viventes ou "inanimados"** (sen alma=sen vida)

2.2.1.- **Mixtos**: calquera "mestura" dos catro elementos de Empédocles.

2.2.2.- Os catro elementos de Empédocles: lume, aire, auga e terra.

Como a Física estuda os seres **cambiantes**, o primeiro que deberá tratar a física é acerca das **clases de cambio** que existen no mundo.

A.6.- TIPOS DE CAMBIO:

O cambio explicouno Aristóteles **na Metafísica e na Física** como paso do ser en potencia ao ser en acto. Unha cousa pasa de estar privada duna forma a adquirir esa forma. Por tanto, en todo cambio precísanse 3 principios explicativos: ten que haber algo que soporte o cambio, (un **substrato**), hai algo do que se está aínda privado (**privación**) e algo que se perde ou adquire (unha nova **forma**). **Na física=natureza** hai dous grandes tipos de cambio:

a).- **Cambio accidental**: Non afecta á esencia dunha cousa senón **só a un accidente**. Pode ser de tres tipos: **cuantitativo, cualitativo ou locativo**. Un exemplo de cambio accidental "cualitativo" sería o dun home que pasa de ser analfabeto a ser alfabetizado. Neste caso o home (sustancia primeira) é o **substrato** que soporta o cambio accidental que non afecta á esencia home. O accidente "ser alfabetizado" é o accidente do que se está privado (**privación**) e que se adquire cando se produce o cambio. Por tanto en todo cambio accidental o substrato que soporta o cambio é o individuo ou sustancia primeira e o que cambia é un accidente.

b).- **Cambio substancial**: si afecta á esencia ou "**forma substancial**" da cousa: transfórmase unha substancia noutra (cando se xera ou se destrúe una substancia). Aristóteles dixo que para que se produza un cambio ten que haber algo que o soporte, pois en todo cambio **hai algo que cambia e algo que subxace ou soporta: o substrato**. En este caso ¿cal é o substrato que soporta o cambio substancial? A materia prima (primeira ou última) é o substrato ou soporte que perde ou adquire unha "forma substancial". Por exemplo: se un home morre, a "materia prima" é o substrato que perde unha forma substancial (home) e adquire outra forma substancial (po).

c).- **O concepto de materia "prima" primeira ou última**: É un concepto abstracto que Aristóteles precisa para explicar o substrato que soporta un cambio substancial (xeración ou corrupción dunha substancia; é dicir, nacemento e morte). Cando se produce un cambio substancial no que cambia a forma substancial (esencia), ten que haber un "substrato" que soporte ese cambio e ese substrato é a materia prima. Pero dado que os seres físicos=naturais son un "composto inseparable" (synolón) de materia e forma, resulta que a materia prima nunca pode existir "separada" da forma. Se existira separada da forma sería unha substancia, e por tanto estaría á súa vez "composta", pero non é unha substancia, senón un compoñente inseparable da sustancia. Pode dicirse que **o concepto de "materia prima" que é "substrato" dos cambios substanciais equivale ao "ápeiron=indeterminado" de Anaximandro ou á "materia caótica" de Platón** antes de que o Demiurgo lle dea "forma" ou "orde" tomando como modelo as ideas. A materia prima é algo "**indeterminado**" que **non existe endexamais separada dunha forma** i é precisamente a forma a que "**determina**" esa materia facendo que sexa un determinado ser.

A.7.- CAUSALIDADE OU TEORÍA DAS CAUSAS

Para **explicar o cambio** negado por Parménides, Aristóteles afirmou que consiste no paso de ser en potencia (materia) a ser en acto (forma); isto é **explicar "que é" o cambio**. Pero **para que a física** (que trata dos seres naturais en movemento) **sexa unha "ciencia"** (coñecemento universal e necesario), non abonda con explicar o "que é" o cambio: o paso do ser en potencia a ser en acto; senón que hai que **explicar tamén o "por que": explicar as causas do cambio**.

Segundo Aristóteles, para explicar algo cientificamente **non abonda co "que é"** (esencia) unha cousa, senón que ademais hai que explicar o **"por que"** é: é dicir, explicar as causas. No mundo hai **seres naturais ou físicos** (aqueles que posúen en si mesmos o principio do movemento) e **seres artificiais** construídos polo home (posúen fóra de si o principio do cambio). Para explicar cientificamente un **ser artificial necesitamos catro causas**.

Dúas intrínsecas á cousa e dúas extrínsecas ou fóra da cousa.

A) Causas intrínsecas

1.- **Causa material:** É aquilo do que está feita unha cousa. Por exemplo o bronce dunha estatua

2.- **Causa formal:** É a forma que adquire a materia. Por exemplo a forma da estatua.

B) causas extrínsecas

3.- **Causa eficiente:** É o axente que produce o cambio. O escultor da estatua

4.- **Causa final:** É a fin coa que se fai unha cosa. A estatua faise coa fin de adornar o templo.

a) A estatua é un **ser artificial** e, para ser explicada "**cientificamente**", necesita dúas causas intrínsecas (material e formal) que explican a constitución interna da cousa. E tamén dúas causas extrínsecas (eficiente e final) que explican a orixe do cambio (escultor) e a fin á que tende o cambio (adornar o templo).

b) Pero no caso dos **seres naturais** (os que levan dentro de si o principio do cambio) a causa eficiente e a final quedan englobadas dentro da causa formal. Deste xeito para explicalos **só necesitamos causa material e causa formal**. A forma ou "**especie**" home (**causa formal**) é **quen enxendra ao home, e por tanto é tamén causa eficiente e causa final**. De novo vemos a **primacía absoluta da forma ou acto** que ao mesmo tempo é orixe e fin do movemento (**dinamismo**) nos seres naturais (**finalismo inmanente**).

Ademais, as catro causas que explican cientificamente un cambio poden ser "**causas próximas**" ao ser que queremos explicar e estas son estudadas pola "física"; ou ben podemos preguntarnos polas "**causas últimas ou primeiras**" remontándonos "máis aló da física" buscando a orixe de todos os cambios do mundo, estas son estudadas polo **metafísico** (meta-física=máis aló da física). Estas causas últimas ou primeiras condúcenos **á outra parte da metafísica de Aristóteles: a teoloxía**.

B.- METAFÍSICA TEOLOXÍA: Teoría do motor inmóbil (unión física e metafísica :

A Física condúcenos á parte da metafísica da que aínda non temos falado: a **teoloxía** ou ciencia do ser máis excelente, deus, causa última de todos os cambios.

Na natureza (Physis) todo ser cambia: pasa da potencia ao acto. Pero como dixemos que **en todo**

cambio o acto ten primacía sobre a potencia (no noso entendemento, en perfección e temporalmente), **todo ser que se mova** (pase de ser en potencia a ser en acto), **necesita dun motor anterior en acto**. ¿Cal é o acto do que procede todo movemento? **O motor inmóbil** ou deus aristotélico.

- CARACTERÍSTICAS DO MOTOR INMÓBIL:

Este motor inmóbil **move aos demais seres, pero** que el mesmo é **INMÓBIL**: é un **motor inmóbil**. ¿Pero como pode producir movemento sen moverse el mesmo? Como un motor pode ser el mesmo inmóbil? Pois **movendo por "ATRACCIÓN" , por "DESEXO" ou "AMOR"** das cousas cara el, como **causa final** (Exemplo de dun actor ou actriz cara os que se ven atraídas as persoas, sen que eles mesmos causen eficientemente esta atracción!: son os demais os que se moven cara el/ela como causa final).

Polo tanto, como el move sen el moverse é ACTO PURO (non ten potencia, non cambia); e como atrae por desexo ou amor é CAUSA FINAL. É dicir, é “acto puro sen potencia”, porque como este primeiro motor é “inmóbil” (non pasa da potencia ao acto), é dicir, el move a todo o demais, pero sen moverse el mesmo, ten tamén que ser **acto sen potencia, é dicir, ACTO PURO**, pois se tivera potencia podería “moverse”= pasar da potencia ao acto, e ademais a potencia é imperfección: algo que aínda non se ten en acto, e o deus ten que ser perfecto. E é “causa final” porque, el funciona de fin ao que tenden os seres por amor ou desexo (eros). Esta é a **ÚNICA SUBSTANCIA “SIMPLE”**: **non composta de materia e forma, senón só forma ou acto (herdanza do mundo das ideas de Platón)**.

Pero se é “acto puro” terá que ser algún tipo de “actividade ou acto” ¿que clase de actividade pode realizase sen necesidade de materia nin potencia?

A súa actividade consiste no **PENSAMENTO, OU INTELECTO, só unha actividade (acto) semellante** pode existir sen materia nin potencia. Pero o **pensar humano** pensa sobre algo distinto del mesmo, algo do que carece: está en potencia ata que coñece o obxecto: o coñecemento comeza coa experiencia: empirismo de Aristóteles. En troques, o **pensar divino**, como é **ACTO PURO** sen potencia, non carece de nada, é perfecto.

Pero entón ¿acerca de que pensa se non carece de nada? Só pode pensar acerca de si mesmo. Logo a actividade do deus aristotélico é pensamento de si mesmo: **PENSAMENTO AUTOPENSANTE (gnoesis gnoeseos)**.

CONCLUSIÓNS PARA O TEXTO DAS CAUSAS

- **PRINCIPIO DE CAUSALIDADE (CAUSA EFECTO)**: Ao final da obra "Física" Aristóteles di que **"todo o que se move é movido por outro"** ("principio de causalidade" que equivale a dicir “todo efecto ten unha causa”. Na obra “Metafísica” concibe a deus como “causa final”: orixe de todos os cambios por amor, atracción.

Este principio de causalidade será utilizado posteriormente tanto **na TEOLOXÍA** coma **na CIENCIA MODERNA**:

- a) Na teoloxía: Tomé de Aquino nas súas 5 vías que demostran a existencia de Deus,
- b) Na ciencia moderna utilizará o principio de causa-efecto como base de todas as leis físicas:

exemplo: a dilatación dos metais (efecto) ten como causa o calor.

Este principio importantísimo da filosofía e da ciencia será **criticado primeiro por Guillermo de Ockham** a finais da Idade Media (S. XIV): **só é válido se temos “experiencia” da causa e tamén do efecto** (por exemplo: no xogo do billar: a bola branca -causa- produce o movemento da bola roxa -efecto-, temos experiencia de ambas), pero non vale se só temos experiencia do efecto pero non da causa, como fixera Tomé de Aquino nas súas 5 vías para demostrar a existencia de Deus (Tomé sempre parte de un “feito empírico” do que temos “experiencia” -efecto- para logo chegar á causa: Deus, do que non temos experiencia).

Máis tarde no século XVIII este principio de causalidade será **criticado moito máis radicalmente polo empirista inglés David Hume (texto ABAU): incluso anque teñamos “experiencia” da causa e tamén do efecto este principio non é válido.** O único do que temos experiencia é de que **o efecto “sucede temporalmente” despois da causa**, pero esta experiencia non nos asegura que haxa unha **“conexión necesaria”** entre causa e efecto como afirma a ciencia física. Simplemente o efecto ocorre “despois no tempo” que a causa, e **como no tempo pasado sempre ocorreu así os científicos “cren” (Belief) que tamén no futuro ocorrerá deste xeito**, pero **“crer” non significa que iso vaia a ser “necesariamente” así**, esta **“crenza” non é “científica”**, pois a ciencia non traballa con “crenzas”, senón que debe **predicir o futuro con “necesidade”**. Por exemplo: como estamos afeitos (acostumados) a que “no pasado” sempre que aplicamos calor a un metal, este dilatouse (causa: calor, efecto: dilatación), “cremos” que “no futuro” isto sempre vai a ocorrer así, pero “crer” non indica necesidade científica. Podería ocorrer que no futuro apliquemos calor a un metal e este non se dilate, non pase nada, ou se contraia ou calquera outra cousa posible.

Conclusión de Hume: a ciencia apoia-se no principio de causalidade, pero como este, segundo Hume, **non nos asegura de que vaia a cumprirse no futuro**, é dicir, **non hai unha “conexión necesaria”** entre a causa e o efecto, senón **só unha “crenza” que se apoia no “costume”** de ver que se cumpriu **no pasado**, entón **o que consideramos ciencia física “non é ciencia”**. A esta postura de Hume chámasele **“escepticismo” ou “fenomenismo”**.

Este problema suscitado por Hume será solucionado por Kant na súa **“Crítica da razón pura”**: **o principio causa e efecto non é algo que estea no mundo, senón que é unha “categoría” do entendemento que aplicamos aos sentidos e coa que os humanos tratamos de entender o mundo.** Pode ocorrer no futuro que os metais non se dilaten cando aplicamos calor, pode ser. Pero neste caso a mente humana preguntárase **“cal é a causa de que non se dilaten?”**.

Conclusión de Kant: as leis concretas da natureza poderán cambiar, pero o que nunca cambiará é a nosa **“categoría” do entendemento para intentar comprender este cambio: preguntaremos ¿cal é a causa?**. Así pois para Kant o principio de causalidade non é unha categoría **“do mundo” (ontolóxica)**, senón unha categoría do noso **“coñecemento do mundo” (gnoseolóxica)**.

4.-TÓPICO 2:


ÉTICA ANTIRELATIVISTA E POLÍTICA EN ARISTÓTELES

4.1.- ANTROPOLOXÍA ARISTOTÉLICA

A **antropoloxía** de Aristóteles será a base (coma en Platón) da que deduce a súa **ética e política**. Pero para Aristóteles a antropoloxía, á súa vez, deriva da bioloxía, do **modelo biolóxico (seres vivos: organicismo)** presente en toda a súa filosofía.

O home é un organismo vivo (modelo biolóxico de Aristóteles) e "vida" significa que o ser está "animado", é dicir, **posúe alma**. Todos os seres vivos posúen pois alma, son seres "animados", vivos. Por tanto para Aristóteles alma significa vida. Pero segundo Aristóteles, a **alma do home é máis perfecta que a dos vexetais e animais**.

A "**alma vexetativa**" dos vexetais só posúe as funcións de **nutrición, crecemento e reprodución**, a "**alma sensitiva**" dos animais dotados de sentidos posúe, ademais, o **movemento e a sensación**, pero a "**alma intelectual**" do home posúe todas estas funcións e, ademais, posúe **intelecto e vontade**.



Por tanto, **o que distingue** ao home dos demais seres vivos ou "animados" é a **función intelectual e volitiva** da súa alma.

Fronte a Platón, que mantivo un **dualismo antropolóxico e a preexistencia da alma** (pois para Platón a **unión** alma e corpo nesta vida é "**accidental**": o corpo é o cárcere da alma, e esta ten que liberarse do corpo para volver ao mundo das ideas: doutrina da preexistencia e transmigración tomada dos Pitagóricos), **Aristóteles, en troques, rexeitou os elementos místico-relixiosos de Platón** (transmigración, purificación e preexistencia das almas) e mantivo unha "**unión substancial**" de alma e corpo **ao aplicar** á antropoloxía a súa **teoría hilemórfica: o corpo humano é materia (potencia), a alma humana é forma do corpo (acto)**; por tanto **alma e corpo están unidos "inseparablemente" de forma "non accidental"**, senón **natural ou substancial**, formando unha soa substancia: a alma é acto do corpo sendo este potencia.

A **conclusión** da aplicación da teoría hilemórfica ao ser humano **debería ser** que **a alma** non pode separase do corpo, é dicir, **debería ser "mortal"**, cando o corpo morre debería morrer tamén a alma.

Pero!!!, dependendo das obras que consultemos, Aristóteles parece afirmar que **só a parte intelectual (entendemento axente) da alma é inmortal** (nas obras Metafísica, libro 12 e en "De ánima 3"), mentres que na obra "Ética a Nicómaco" parece afirmar que ningunha parte da alma é inmortal).

Aristóteles **non foi claro nos textos onde parece defender que unha parte da alma sería inmortal** (o entendemento axente), e o que pretendía dicir nestes textos suscitou unha **discusión moi encarnizada na filosofía dos séculos XII-XIII**.

- Así o árabe de Avicena interpreta que só entendemento axente sería inmortal.
- Outro filósofo árabe importante foi Averroes, para el é inmortal un "intelecto colectivo" de todos os homes, pero este "non é individual".
- Pola súa parte, **SantoTomé de Aquino**, para adaptar a filosofía aristotélica ao cristianismo, interpretará, coma bon cristián, que o que Aristóteles quería dicir (neses textos escuros) é que

non só o entendemento axente é inmortal, senón que toda a alma o é.

4.2.- TÓPICO 2: A ÉTICA ANTIRELATIVISTA

Contra o **relativismo ético dos sofistas**, Sócrates, Platón e Aristóteles **deseñaron éticas antirrelativistas** e intelectualistas.

Platón e Aristóteles coinciden en pensar que para actuar ben na ética hai que ser virtuoso e deste xeito acadaremos a felicidade.

Pero ambos autores tamén teñen diferencias a respecto da ética:

En **Platón todas as ciencias** (matemáticas e dialéctica) **son teóricas**, pois non distingue entre ciencias teóricas e prácticas coma Aristóteles. Para Platón tamén a ética no fondo é dialéctica, pois é a alma racional a que debe dominar as paixóns mediante a virtude da sabedoría ou prudencia e algo semellante ocorre coa política: o filósofo-rei debe coñecer as ideas para ser xusto.

En cambio, **Aristóteles criticou a teoría das ideas “separadas”** (xorismós) de Platón. Isto ten como **consecuencia que distingue entre ciencias teóricas** (do necesario: exactas) e **prácticas** (do contingente: non tan exactas posto que dependen da vontade e liberdade humana): as ciencias prácticas son a **ética e a política**.

CARACTERÍSTICAS XERAIS DA ÉTICA ARISTOTÉLICA

- A **ética é para Aristóteles unha “ciencia práctica” ou do contingente**, que se ocupa do comportamento humano para acadar a felicidade.
- A súa é **unha ética “teleolóxica” e “eudemonista”**. **Teleolóxica** porque as accións humanas buscan un fin último (telos). E **eudemonista** porque ese fin último é a felicidade (eudemon). Nesto coincide con Platón.
- **É unha ética “empirista” e “realista”**. **Empirista** porque se apoia na experiencia coma toda a filosofía de Aristóteles. E **realista**, porque fai unha análise do que os homes pensan na realidade, e non é idealista coma a de Platón.
- É tamén unha **ética intelectualista**, pero o seu intelectualismo é máis **moderado** que o de Sócrates e Platón: para actuar **non abonda con coñecer (mediante o intelecto) o ben, senón que hai que querelo** (inflúea ademais a **vontade, sede da liberdade**).

A FELICIDADE (eudaimonía):

A **felicidade consiste en desenvolver a parte teórica** (virtude dianoética teórica:sabedoría). Pero como o ser humano tamén ten unha **parte irracional ou carácter** que tende aos **excesos ou defectos**, por iso o intelecto na súa función práctica ou **“razón práctica”**, utilizando a súa virtude dianoética (a prudencia: frónesis) debe dominar esta parte irracional ou carácter buscando o **termo medio (mesotés)**, **nesto consisten as virtudes éticas**. Así o modelo de home feliz sería o filósofo.

Pero como hai dúas funcións do intelecto: teórica e práctica, haberá tamén virtudes (areté) para cada parte.

A) Virtudes dianoéticas:

Así haberá **virtudes propias do intelecto (dianoéticas)** de **dous tipos**:

A.1.-Virtude dianoética teórica: a sabedoría (sophía). A que ten que ver soamente co intelecto

cando trata de cuestións **teóricas**. A virtude do entendemento teórico é a **sabedoría**.


A.2.- **Virtude diánoética práctica: a prudencia (frónesis).** A virtude que ten que ver co intelecto cando trata de cuestións **prácticas (éticas ou políticas)**. Cando o **intelecto trata de cuestións prácticas inflúe sobre os desexos da parte irracional ou tendencias do “carácter” (éthos) moderándoas**. O resultado deste influxo **son as virtudes éticas** (éthos=carácter ou parte irracional moderada pola razón).

B) Virtudes éticas: Son **resultado do influxo do intelecto práctico sobre os desexos e tendencias propias do carácter (éthos)**. Aquí vemos como Aristóteles separa a función teórica do intelecto da función práctica (ciencias teóricas coma a metafísica, de ciencias prácticas coma a ética-política). Sobre as ciencias teóricas podemos ter un coñecemento exacto, porque tratan do “necesario”, pero **sobre ciencias prácticas só podemos ter un coñecemento menos exacto: teñen que guiarse pola experiencia porque tratan do “continxente”**.

- As virtudes éticas consisten nun **“termo medio” ou “mesotés”**, é dicir, un termo medio entre o exceso e o defecto (ambos viciosos).

Os apetitos e desexos de cada home (éthos: carácter) **tenden sempre ao defecto ou ao exceso** (demasiado ou demasiado pouco) e o entendemento práctico usando a súa virtude dianoética (**prudencia: frónesis**) debe buscar un **“termo medio”** (mesotés), entre os dous extremos: entre o exceso e o defecto. As virtudes éticas consisten entón en actuar buscando sempre o **“termo medio”**.

¿Como se consegue ser virtuoso nas distintas actividades éticas?



A virtude ética non é algo teórico, senón que se acada sobre todo actuando segundo o termo medio unha e outra vez, é dicir, a virtude adquirese por **repetición de actos ata formar un “hábito”, un**

"costume" (aprendemos a virtude facéndoa: o construtor, construindo; o que tañe a lira, tañendo; e o valente, repetindo accións valorosas).

Pero **¿como sabemos cal é o termo medio?**. Aristóteles non pode dicir que o sabemos de maneira exacta, teórica, pois a ética é unha ciencia práctica, do continxente. Logo para saber cal é o termo medio temos que **"deixarnos aconsellar por a recta razón dun varón experimentado"**. A elección do termo medio é un asunto que **depende da experiencia (empirismo), do hábito, ou costume** e tamén seguindo exemplo dun home experimentado. Ademais, o **termo medio é distinto para cada home, é "relativo a nosoutros"**, como di Aristóteles. E pon o seguinte exemplo: anque para un ximnasta experimentado coma Milón o seu termo medio sexa comer seis libras de carne (mesotés), porque para el dez libras de carne é demasiado (exceso) e dúas libras é demasiado pouco (defecto), o "termo medio" non é o mesmo para un ximnasta novel (ética a Nicómaco II).

As virtudes éticas serán tantas coma as distintas actividades que realiza o ser humano. Pero como **os apetitos que deben ser moderados pola razón** buscando o "termo medio" **son moitos e distintos**, as **virtudes éticas** serán tamén **moitas**. Así por exemplo, a **"valentía"** é a virtude ou "termo medio" entre o exceso "temeridade", e o defecto "covardía"; a **"xenerosidade"** é o termo medio entre o exceso, "despilfarro" e o defecto, "avaricia" e así con todas as demais virtudes éticas.

No texto 2 da ABAU, Aristóteles só pon exemplos de algunhas delas.

- a) A **xustiza** é unha das máis importantes: é un termo medio entre inxustiza por defecto ou por exceso (é inxusta a persoa carente dela ou aquela que comete un exceso de celo).
- b) O **vigor** corporal acádase buscando o termo medio entre o defecto (escaseza de exercicio) e o exceso (demasiado exercicio).
- c) A **saúde** consiste nun termo medio entre o exceso ou un defecto na comida e na bebida.
- d) A **valentía** ou "andreia" (no texto chamada **"virilidade"**) que é un termo medio entre o defecto (covardía) e o exceso (temeridade, no texto chamada **"afoutado, afouteza"**) (alma irascible de Platón).
- e) A **temperanza** ou "sofrosine" que consiste nun termo medio no dominio dos apetitos ou praceres (no texto chamada **"moderación outra vez!!"**: **sofrosine**: alma concupiscible de Platón) que é un termo medio entre insensibilidade (defecto) e a intemperanza (exceso).

Problema de tradución no texto 2: Nas última frase do texto 3 tradúcese "moderación" para dous conceptos diferentes en grego: a frase di: "Polo tanto, a **moderación** (en grego: **sofrosine** ou temperanza) e a virilidade (en grego: andreia ou valentía) destrúense por exceso e por defecto e consérvanse coa **moderación** (en grego: **mesotés** ou termo medio). O problema de tradución ao galego consiste en traducir dous conceptos gregos distintos (sofrosine -temperanza- e mesotés -termo medio-) coa mesma palabra galega: moderación.

Conexión ética-política:

A ética trata da felicidade dos homes, pero **esta felicidade non se pode conseguir individualmente** senón xunto ós demais cidadáns da polis. O home é un **"zoom politikón"** (animal político); logo como a sociedade é algo "natural" (physis), non convencional (nomos), **a ética non está separada da política** (como no caso dos Sofistas e nos contractualistas modernos coma Maquiavelo ou Hobbes)

senón unidas; ademais **a ética subordínase á política**: a felicidade individual depende da felicidade colectiva coma en Platón.

4.3. A POLÍTICA:

O comentario do texto de política debe empezar polo **período antropolóxico** no que Sócrates se opón ao relativismo dos **sofistas** **quenes separaban a ética da política**. A continuación debe **resumirse a idea política de Platón**: unha “República, ou do xusto” na que gobernen os filósofos, unha política **idealista e utópica**. E a continuación as **ideas da política de Aristóteles**: **realismo, empirismo e intento de salvar as polis fronte ao imperio de Alexandre Magno**.

Logo de explicar a súa política e contexto **acabar cos filósofos helenísticos**: os **epicúreos** rexeitan a política, mentres que o **sabio estoico** debe participar en política. **Finalizar** coas modificación na **política de Tomé de Aquino**.

CONTEXTO HISTÓRICO DA POLÍTICA: IMPERIO DE ALEXANDRE MAGNO: PERÍODO HELENÍSTICO

O **contexto** máis inmediato e importante da política de Aristóteles é a **destrución das polis clásicas autárquicas por parte de Alexandre Magno**, quen de neno fora o seu discípulo e **desviouse das ensinanzas en “política realista” do mestre**: que as polis gregas poidan unirse formando ligas para loitar contra os bárbaros si é correcto segundo Aristóteles, pero non que os gregos se mesturen cos bárbaros destruindo as polis como sistema político e integrando toda Grecia nun enorme imperio: así comeza o período helenístico da filosofía grega (**Completar co período helenístico ao final do tema**).

Para os gregos clásicos (Sócrates, Platón e Aristóteles) o **individuo illado (idiotés)** da polis **non ten sentido**. Os clásicos entendían a polis como un **organismo vivo** onde **o todo (sociedade) “é anterior” (ten primacía sobre) ás partes (individuos)**. Esta idea do **“organicismo”** (tomando como modelo un organismo vivo: BIOLOXÍA: tamén a sociedade é un organismo vivo) ten unha importante **relación cas outras partes da súa filosofía**, pois así como na **Metafísica** o **“acto (entelequia) “é anterior” (ten primacía sobre) á potencia (dynamis)** en 3 sentidos (en perfección, no noso coñecemento e no tempo), e todo ser en potencia tende ao seu fin (telos entelequia), tamén **o ser racional (ANTROPOLOXÍA)** tende a **desenvolver a súa esencia** (animal con logos). E o logos, a linguaxe ou razón, serve para **ser feliz** cando a **razón modere os excesos do carácter** buscando o **“mesotés” (ÉTICA)**. E tamén precisamente a **linguaxe (o logos)** sérvelle ao ser humano para **comunicarse en sociedade (POLÍTICA)**. Por iso, para Aristóteles (e os gregos do período clásico) **non se pode ser feliz illadamente**, senón en sociedade, por esta razón **o telos (fin ou entelequia), o ACTO ao que tende o ser racional é a polis**, onde alcanza a súa perfección como racional (logos). Así que de xeito parecido a Platón a política de Aristóteles é o que culmina toda a súa filosofía.

A OBRA “POLÍTICA”

Aristóteles trata da organización social na **súa obra “Política”**. Nesta obra Aristóteles dá unha primeira definición de home:

1) **“animal con logos”** (logos=razón=linguaxe) e a continuación afirma que **“a natureza non fai nada en balde”**, por tanto se lle deu ao home **a razón, a linguaxe**, será para que poida **comunicarse “en sociedade”**: na **“polis”**, por iso é un animal político “por natureza” (physis).

2) Así Aristóteles acada a súa **segunda definición de home (a máis célebre)** como un **“zoom**

politikón" (animal político=social), é dicir, é un **ser social por natureza**; por iso chega a afirmar "fóra da comunidade, só pode vivir un Deus o unha besta" (é dicir, todo home ten que vivir en sociedade: se vive fóra dela será algo superior -deus- ou algo inferior -animal, besta-). Isto está en relación coa súa afirmación de que **anque "historicamente"** a primeira sociedade é a **"familia"**, e a segunda son as familias unidas formando unha **"aldea"**, e a terceira é a **"polis"** resultado da unión de aldeas.

Sen embargo **Aristóteles afirma que a polis e "anterior", é dicir, "ten primacía" sobre a familia e a aldea**. Considera á sociedade coma un **"organismo vivo"** (**organicismo: modelo biolóxico**) no cal "o todo" (sociedade) é "anterior"(ten primacía) sobre partes (individuos). Na sociedade (polis) ocorre o mesmo que en calquera ser vivo. Pon o exemplo do "organismo humano" (ser vivo) e di que cada parte (a man, por exemplo) defínese pola función que realiza para o todo (o corpo humano). Pois así mesmo ocorre coa sociedade, as partes (individuos) están en función do todo (sociedade). Igual que en todo ser vivo o "acto" (ou finalidade -entelequia-), por exemplo o carballo ten primacía sobre a "potencia" (a landra), así mesmo ocorre con este ser vivo que é a sociedade: a polis (acto, finalidade, entelequia) ten primacía sobre a familia e a aldea (potencia).

DEFINICIÓN DE CIDADÁN:

Na polis **non todos son cidadáns**. Aristóteles define ao cidadán como **"aquele que ten tempo libre (ocio) para participar** na administración dos **asuntos públicos"** (política). Así, os **colonos**, ou membros dunha cidade conquistada, non son cidadáns, tampouco os **traballadores** o son, pois carecen de tempo libre necesario para dedicarse á política, **as mulleres** tampouco. **Os estranxeiros** (chamados **"metecos"**, como o propio Aristóteles o era en Atenas) tampouco. Por tanto, para que os cidadáns poidan ser "felices" e dedicarse á política, **é necesario que haxa escravos**.

DEFENSA DA ESCRAVITUDE:

Como Aristóteles definiu ao ser humano como "animal con logos", o escravo non pode ter verdadeiro logos=razón. Por iso di que **os escravos "non posúen"** estritamente **a razón**, senón que, utilizando a linguaxe platónica, afirma que **só "participan dela": enténdena pero non a posúen**. Por iso di Aristóteles que o escravo é un **"instrumento animado"**, **son como animais domésticos**, ou **incluso como aparellos** que se utilizan para os servizos do cidadán. Segundo Aristóteles, **os escravos non deberían proceder da guerra de gregos contra gregos, senón da guerra contra os "bárbaros"**: inferiores por natureza ós gregos. **Aristóteles non compartirá a idea do seu discípulo Alexandre Magno** da unión de gregos e bárbaros nun gran imperio.

TEORÍA DA XUSTIZA:

Está de acordo con Platón en que cada clase social desempeñe a súa función. Pero **detalla o concepto de xustiza** dicindo que **o xusto é dar un trato igual a quen es sexan iguais e un trato desigual aos desiguais**. Distingue catro tipos de xustiza:

- a) **Conmutativa**: regula as relación dos seres humanos en canto persoas privadas. Consiste na igualdade (aritmética) no intercambio de bens e servizos.
- b) **Distributiva**: Regula as relacións dos seres humanos en canto membros dunha comunidade. Consiste na igualdade (xeométrica) en proporción aos méritos de cada un (reparto de honras, fortuna etc.)
- c) **Legal**: abarca as dúas anteriores e consiste no cumprimento da lei.
- d) **Correctiva ou equidade**: serve para corrixir os erros que poidan xurdir na aplicación das leis e tamén para buscar equidade en asuntos que non estivesen contemplados pola leis.

FORMAS DE GOBERNO:

Na súa análise das formas de goberno, Aristóteles non busca o Estado ideal coma Platón, **senón a forma de goberno que mellor funciona na realidade**: nesto é **empirista e realista** coma no resto da súa filosofía. Por iso, despois de **estudar empiricamente 158 constitucións do seu tempo**, conclúe que o goberno pode exercerse das **seguintes formas**:

1.-Son **gobiernos rectos**: son os os que buscan o "**ben común**" e pode exercelo:

a) un só individuo: **monarquía**


b) uns poucos: **aristocracia** (aristoi=os mellores).

c) moitos: **politeia**.

2.- Cando os gobernos non **buscan** o "ben común" senón o "**propio interese**", son **gobiernos corrompidos** ou dexeneración das formas rectas de goberno:

- a) Se **“un só”** individuo goberna buscando, non o interese común, senón o "**interese particular**” entón a monarquía "dexenera" en **tiranía**.
- b) Cando **“uns poucos”** buscan o **interese particular**, a Aristocracia dexenera en **oligarquía** (goberno dos ricos).
- c) Cando **“moitos”** (pero non todos) gobernan buscando o **interese particular** e non común, a politeia dexenera en "**democracia**", **que Aristóteles entende como "demagoxia"**. Hoxe nós chamamos democracia ao que Aristóteles chamou "politeia".

ANÁLISE DOS SISTEMAS POLÍTICOS:



¿Cal é a mellor forma de goberno, segundo Aristóteles?

“O sistema “que mellor funciona de feito na realidade” é a "politeia". Por tanto, sendo realistas, a mellor forma de goberno é a "politeia": cando moitos gobernan buscando o "interese común" (hoxe chamariámoslle democracia). A Politeia sería **o goberno da "clase media"** (nin os moi

ricos -oligarquía-, nin os moi pobres - democracia-), por tanto é un camiño intermedio, unha "**constitución mixta**", entre a Oligarquía e a "democracia" (en Aristóteles=demagogia). Esta idea dun **réxime de "clase media"** é moi **semellante** ao que dixo sobre as **virtudes éticas** na súa Ética: a virtude ética é un "termo medio" (mesotés) entre o exceso e o defecto, ao igual que o goberno de "clase media" (mesotés) o é na política.

5.-CONCLUSIÓNS PARA OS TEXTOS DE ARISTÓTELES:

5.1.- XERAIS:

- É un sistema **realista**, porque nega o mundo das ideas e considera como única realidade o mundo dos seres físicos. O realismo de Aristóteles forma unha unidade xunto coa filosofía de Tomé de Aquino que adapta a filosofía de Aristóteles ao cristianismo (realismo: filosofía aristotélico tomista). Oponse ao idealismo de Platón.
- É un sistema **empirista**, contrario ao racionalismo de Platón. Non acepta a existencia de ideas innatas á razón nin, por tanto, a teoría da reminiscencia de Platón, senón que o empirismo de Aristóteles afirma que o noso entendemento (paciente) é "tábula rasa" e, por tanto, que todo o coñecemento que adquire o home ten a súa orixe na experiencia subministrada polos sentidos.
- **Elimina o dualismo de Platón. Tanto o dualismo cosmolóxico**, pois baixa as ideas ou formas de Platón do mundo intelixible ao mundo sensible (as formas están unidas á materia formado un composto inseparable: substancia). **Tamén elimina o dualismo antropolóxico** de Platón: pois Aristóteles aplica a teoría hilemórfica tamén ao home: alma=forma, corpo=materia; ambos forman unha sustancia inseparable (aunque unha parte da alma "entendemento axente" é inmortal en Aristóteles).
- **O modelo biolóxico** (seres vivos) é o que dirixe a filosofía de Aristóteles, fronte ao modelo matemático de Platón.
- É un **sistema finalista (teleolóxico) pero inmanente**: o fin dos seres é inmanente (actualización das potencias ou perfección das formas), fronte á explicación teleolóxica pero transcendente de Platón.

5.2.- INFLUENCIAS POR MATERIAS (CONCLUSIÓNS DO COMENTARIO):

α) ONTOLOXÍA:

- **Soluciona o dualismo cosmolóxico de Platón** (xorismós) mediante a **teoría hilemórfica** e explica o cambio negado por Parménides mediante a teoría ser en potencia ser en acto.
- **Inflúe en Tomé de Aquino: Tomé introducirá a importante distinción esencia (materia+forma) e existencia (tomada do árabe Avicena)** para adaptar a filosofía de Aristóteles ao cristianismo explicando así o concepto cristiá de "creación a partires da nada"
- En xeral na Época Moderna **empiristas criticaron a metafísica** como ciencia e os **racionalistas defenden a metafísica** como ciencia.

β) FÍSICA

- **Aceptación** das teorías físicas de Aristóteles **ata o século XIV**: con **Ockham** comeza a romperse o universo aristotélico. Isto provocará **o desenvolvemento da ciencia moderna** (Copérnico, Kepler, Galileo, Descartes, Newton), que substituirá o **universo organicista** (modelo do organismo vivo) e esencialista aristotélico-tomista por un **universo mecanicista** (modelo da máquina) non esencialista.

- **PRINCIPIO DE CAUSALIDADE**: Ao final da obra "Física" Aristóteles di que **"todo o que se move é movido por outro"** ("**principio de causalidade**" que equivale a dicir "todo efecto ten unha causa". Na súa obra "Física" Aristóteles considera a causa de todo o movemento (deus) como "causa eficiente" (Pon este exemplo: o bastón move a pedra, a man move o bastón, o brazo move a man, a mente move o brazo, os pais causan aos fillos... etc así que haberá unha primeira "**causa eficiente**": Deus.

PERO, NA OBRA "METAFÍSICA" ENTENDE A DEUS COMO "**CAUSA FINAL**". Tal principio de causalidade será utilizado tanto **na filosofía** coma **na ciencia**:

- a) Na filosofía: Tomé de Aquino nas súas 5 vías que demostran a existencia de Deus,
- b) Na ciencia moderna utilizará o principio de causa-efecto como base de todas as leis físicas: exemplo: a dilatación dos metais (efecto) ten como causa o calor..

Este principio importantísimo da filosofía e da ciencia será **criticado primeiro por Guillermo de Ockham** a finais da Idade Media (S. XIV): **só é válido se temos "experiencia" da causa e tamén do efecto** (por exemplo: no xogo do billar: a bola branca -causa- produce o movemento da bola roxa -efecto-, temos experiencia de ambas), pero non vale se só temos experiencia do efecto, pero non da causa, como fixera Tomé de Aquino nas súas 5 vías para demostrar a existencia de Deus (Tomé sempre parte de un "feito empírico" do que temos "experiencia" -efecto- para logo chegar á causa: Deus, do que non temos experiencia).

Máis tarde no século XVIII este principio de causalidade será **criticado moito máis radicalmente polo empirista inglés David Hume** (texto ABAU): **incluso anque teñamos "experiencia" da causa e tamén do efecto este principio non é válido**. O único do que temos experiencia é de que **o efecto "sucede temporalmente" despois da causa**, pero esta experiencia **non nos asegura que haxa unha "conexión necesaria" entre causa e efecto**. Simplemente o efecto ocorre "despois no tempo" que a causa, e **como no tempo pasado sempre ocorreu así os científicos "cremos" (Belief) que tamén no futuro ocorrerá deste xeito, pero "crer" non significa que iso vaia a ser "necesariamente" así, esta "crenza" non é "científica", pois a ciencia non traballa con "crenzas", senón que debe predicir o futuro con "necesidade"**. Por exemplo: como estamos afeitos (acostumados) a que "no pasado" sempre que aplicamos calor a un metal, este dilatouse (causa: calor, efecto: dilatación), "cremos" que "no futuro" isto sempre vai a ocorrer así, pero "crer" non indica necesidade científica. Poidera ser que no futuro apliquemos calor a un metal e este non se dilate, non pase nada, ou se contraiga ou calquera outra cousa posible.

Conclusión de Hume: a ciencia apoíase no principio de causalidade, pero como este, segundo Hume, **non nos asegura de que vaia a cumprirse no futuro**, é dicir, **non hai unha "conexión necesaria" entre a causa e o efecto**, senón só unha "crenza" que se apoia no "**costume**" de ver que se cumpriu **no pasado**, entón **o que consideramos ciencia "non é ciencia"**. A esta postura de Hume chámase "**escepticismo**" ou "**fenomenismo**".

Este problema suscitado por Hume será solucionado por Kant na súa “Crítica da razón pura”: o principio causa e efecto non é algo que estea no mundo, senón que é unha “categoría” mental coa que os humanos tratan de entender o mundo. Pode ocorrer no futuro que os metais non se dilaten cando aplicamos calor, pode ser. Pero neste caso a mente humana preguntárase “cal é a causa de que non se dilaten?”.

Conclusión de Kant: as leis concretas da natureza poderán cambiar, pero o que nunca cambiará é a nosa “categoría” mental de intentar comprender este cambio: preguntaremos ¿cal é a causa?. Así pois para Kant o principio de causalidade non é unha categoría “do mundo” (ontolóxica), senón unha categoría do noso “coñecemento do mundo” (gnoseolóxica).

χ) GNOSEOLOXÍA:

Filosofía Antiga: Mundo grego

É a primeira gnoseoloxía empirista da historia: critica as ideas innatas do racionalismo de Platón e afirma que o noso entendemento ao nacer é unha “tábula rasa” e, polo tanto, o coñecemento humano ten a súa orixe na información subministrada polos sentidos: **experiencia**. Fronte a el temos o primeiro sistema **racionalista** da historia, o de Platón que acepta a existencia de **ideas innatas** e afirma que **coñecer é recordar** o que a alma viu no mundo das ideas.

-**Ambos modelos** de teoría do coñecemento terán moitos representantes ao longo da historia:

Período Medieval:

- **Racionalista** durante a **Idade Media** foi **Agostiño**;
- **Empirista**, foi **Tomé de Aquino**.

Época Moderna: tras o “xiro subxectivista”:

- **Racionalistas foron:** **Descartes, Spinoza e Leibniz**.
- **Empiristas:** os ingleses **Locke, Berkeley e Hume**.

Na **Ilustración**, **Kant** unirá ou sintetizará **racionalismo e empirismo**.

Época Contemporánea: XIX-XX

Nietzsche criticará tanto o **racionalismo** coma o **empirismo**, como “**platonismo**”, mentres a súa filosofía será “**irracionalista**” e “**vitalista**”.

δ) ANTROPOLOXÍA:

Filosofía antiga: Mundo grego:

- Fronte ao **dualismo antropolóxico** de **Platón** (**unión accidental corpo-alma**), **Aristóteles** aplica a teoría **hilemórfica** ao home: o home é unha “**unión substancial**” de alma (forma) e corpo (materia). **Tomé** acepta esta concepción do home como unión substancial de alma e corpo, pero **modifícaa para adaptala ao cristianismo**: a alma está feita para estar unida ao corpo durante a vida na terra, pero tamén pode existir separada do corpo. Por tanto, **Tomé engade á concepción de Aristóteles**, que toda a alma, e non soamente unha parte dela (**entendemento axente**) é **inmortal**.

O tema antropolóxico da relación alma e corpo **non se limita aos gregos**, senón que será un dos

grandes problemas ó longo da historia da filosofía.

- As principais posturas ó longo da historia son:

- a) **monismos**: afirman que existe un soa de ambas sustancias: só corpo ou materia ou só alma ou espírito.
- b) **dualismos**: afirman que as dúas sustancias están “separadas” e son heteroxéneas (distintas): materia e espírito.
- c) **unión substancial**: afirman que corpo e alma forman una única sustancia inseparable.

1.- Gregos:

- **Platón: dualista** (o lugar natural da alma é separada do corpo no mundo das ideas, logo cae no corpo coma no seu cárcere: debe liberarse da materia: concepción pexorativa do corpo).

- **Aristóteles**: unión substancia da alma co corpo: a alma é a forma do corpo (materia).

2.- Cristianismo:

- **Liña platónico-agostiñana: dualismo**

- **Liña aristotélico-tomista: unitarismo**. (anque a alma individual é inmortal para Tomé, mentres en Aristóteles non está claro).

3.- Filosofía moderna:

a) **Descartes: Dualismo radical**. Solución: glándula pineal (á vez pensante e extensa: contraditorio coa súa definición de sustancia).

b) **Materialistas ilustrados** (La Mettrie, Holbach): **monismo materialista**: todo é materia.

c) **Berkeley: monismo espiritualista**: todo é espírito (alma).

d) **Malebranche**: intenta solucionar o dualismo de Descartes co **ocasionalismo** (con ocasión dos movementos da alma (pensamentos) nese momento Deus intervén producindo un movemento no corpo, ou viceversa).

e) **Spinoza**: intenta solucionar o dualismo de Descartes considerando o pensamento e a extensión (alma-corpo) non como sustancias independentes, senón como atributos de **una única sustancia**: Deus=natureza: **panteísmo**: a natureza é Deus.

f) **Leibniz**: intenta solucionar o dualismo de Descartes coa **harmonía preestablecida**: alma e corpo son como dous reloxos “previamente” sincronizados por Deus: así se explica que os movementos do corpo (determinismo) se correspondan cos pensamentos da alma (liberdade).

3.-Filosofía ilustrada

- **Kant**: intenta solucionar o dualismo de Descartes dicindo que a **alma** (entendemento) e o **corpo** (sentidos) están **unidos para poder coñecer a natureza**; sendo o coñecemento da natureza un coñecemento **determinista** que se dá na **esfera do fenómeno** (unión corpo-alma). Pero na **alma** tamén reside a **liberdade**, anque non podemos coñecela, senón sómente "**postulala**" como **suposto da ética**: a liberdade dáse na **esfera do noumeno** (alma ou razón práctica).

4.- Filosofía contemporánea :

- **Ryle**: di que o chamado "dualismo antropológico" de Descartes non é máis ca unha **confusión** de distintos niveis na **terminoloxía lingüística**.

- **Emerxentismo**: teoría actual que considera que **os procesos mentais** (da alma) **“emerxen” da materia** (corpo). Adoitase a clasificalos **dentro dos dualismos**, porque os procesos mentais **unha vez emerxidos da materia son independentes** dela. Clasifícase en **dous tipos** de emerxentismo:

a) **Epifenomenismo** de W. K. Clifford

b) **Interaccionismo** de K. Popper, John Searle e Mario Bunge.

ε) **ÉTICA**:

- É unha ética **empirista** (hábito), **teleolóxica** (buca un fin), **eudemonista** (este fin é a felicidade) e **intelectualista** (a felicidade consiste en desenvolver o intelecto), **pero máis moderada que o intelectualismo estrito de Sócrates** (para Sócrates non hai culpa, senón ignorancia; escolas, non cárceres) e **tamén máis moderada que a de Platón** (admite certa culpa cando a alma racional non domina as paixóns; cando o auriga non domina os cabalos). **Pero para Aristóteles para actuar ben, non só hai que “coñecer” (intelectualismo), senón que tamén hai que “querer” (vontade). Non é unha cuestión só do intelecto, senón tamén da vontade, non só saber, senón tamén querer.**

- A ética de Aristóteles é **contraria ao hedonismo de Epicuro** (pracer= hedoné) por ser intelectualista. Pero é **menos racionalista que a ética dos estoicos** que son **puramente racionalistas** eliminando toda paixón (**apateia**), mentres Aristóteles admite que a razón domine as paixóns.

- Tamén é **contraria ao relativismo dos escépticos** (Pirrón de Elis).

- **Influirá na Ética de Tomé de Aquino**, pero a de **Aristóteles é unha ética inmanente** e para **Tomé é transcendente**. Pois para Aristóteles a "felicidade" acádase na terra (polis), mentres que Tomé engade que o home non soamente ten un "fin natural" (na terra) senón que tamén ten un " **fin sobrenatural**" no ceo. A verdadeira felicidade acadarase pois segundo Tomé no ceo e consiste na "**contemplación beatífica de Deus**". Tomé engade ademais os conceptos de "**Lei eterna**", "**Lei natural**" e "**Lei positiva**".

- **Na Ilustración Kant: critica** todas as éticas anteriores á súa por ser **teleolóxicas e eudemonistas**, mentres que a súa é unha ética **“deontolóxica”** baseada na idea de “deber” (“deontos”, en grego).

- No século XX, **Max Scheler** defende unha ética **“axiolóxica”**, baseada na teoría dos valores.

φ) **POLÍTICA**:

- **Unión ética-política** (Platón e Aristóteles) fronte á liña Sofistas-contractualistas modernos (Maquiavelo, Hobbes etc.) que separan ética e política.

- **Rexeita a sociedade perfecta de Platón e o seu "comunismo de bens, mulleres e fillos"**. Pero política de Platón non é un “comunismo”, porque Marx pretende eliminar as clases sociais, ao contrario que Platón. Por tanto, hoxe diríamos que **Aristóteles é máis ben burgués e conservador** e **Platón máis aristócrata e totalitario** (na “República”), pero con unha

excepción importante: Aristóteles non considera cidadán á muller, mentres Platón defende a igualdade entre muller e home na súa República ideal.

- A súa **política empirista** (baseada no estudio empírico de 158 constitucións de Grecia), coma o resto da súa filosofía.
- A política de Aristóteles é **moderada** (termo medio, politeia, constitución mixta), non idealista coma a Política de Platón que é utópica e totalitaria).
- A política de Aristóteles é **realista, non idealista** coma a de Platón. A **mellor forma** de goberno é o goberno da "**clase media**", a **politeia**, que coincide coa idea de "termo medio" das virtudes éticas. Na súa política Aristóteles é "**moderado**", "**conservador**", para conseguir a "seguridade" en tempos de crise: cando Alexandre Magno está a punto de destruír o vello ideal de vida en pequenas polis autosuficientes "autárquicas", e substituílo polo gran imperio onde se mesturan gregos e bárbaros. Por tanto, **rexeita a idea de gran imperio que Alexandre está construíndo**.
- **Modificacións de Tomé:** **Acepta** a teoría política de Aristóteles: o home é un "zoom politikón", un ser social por natureza, pero **adáptaa ao cristianismo**: o fin do home non é natural, a súa felicidade non se consegue totalmente na polis, senón que como o home ten un fin sobrenatural, só consegue a **felicidade eterna no ceo**. Por tanto, **Tomé engade a relación Estado-Igrexa: o Estado é autónomo nos asuntos terreos pero depende indirectamente da Igrexa no concernente ao fin sobrenatural do home. En última instancia o Estado é servo da Igrexa, anque de forma indirecta**. Para sintetizar a política de Aristóteles e o Cristianismo Tomé di que o poder do soberano procede de Deus a través do pobo e a mellor forma de goberno, anque "en teoría" sexa a monarquía constitucional, na práctica será unha "**constitución mixta**": onde **o poder do monarca sexa moderado por maxistrados elixidos polo pobo** (no tocante á vida humana na terra a mellor forma de goberno é semellante á "politeia" de Aristóteles).

6.- TEXTOS DE ARISTÓTELES ABAU (SELECTIVIDADE)

ARISTÓTELES, texto 1 Física, Libro II-3 194b-195a

Feitas estas distincións, cómpre examinar as causas, cales e cantas son. E xa que se trata de coñecer, e non cremos ter coñecemento de algo sen antes ter captado en cada caso o porqué (e isto vén sendo captar a causa primeira), é evidente que nós temos que facelo coa xeración e a destrución e con todo cambio natural, a fin de que, coñecendo os seus principios, intentemos encamiñar ata eles cada unha das nosas investigacións. Nun sentido (1) chámase causa a ese constitutivo inherente do que se fai algo, coma tal o bronce da estatua e a prata da copa e os seus xéneros. Noutro sentido (2) é a forma e o modelo, é dicir, a definición da esencia e os seus xéneros (así a causa da octava é a relación de dous a un, e en xeral o número), e tamén as partes da definición. E tamén (3) é aquilo de onde xorde o principio primeiro do cambio ou do repouso; así quen toma unha resolución é causa, o pai e causa do fillo, e en xeral o que fai é causa do feito e o que produce un cambio é causa do cambiado. E aínda máis (4), é o fin, aquilo para o que é algo, como a saúde con relación ó paseo. Pois, por que paseamos? Dicimos que para ter saúde e, ó falar así, cremos indicar a causa. E son un medio para o fin todas as cousas que outro move; así o adelgazamento ou a purga, os medicamentos ou os instrumentos cirúrxicos, todos eles son medios para a saúde, pero hai diferenzas entre eles, xa que uns son accións e outros instrumentos.

ARISTÓTELES, Física, II-3, 194b-195a Trad. de Teresa Amado Rodríguez (USC)

ARISTÓTELES, texto 2 Ética a Nicómaco Libro II, 1103a/1104a

ARISTÓTELES (texto 2) Ética a Nicómaco, Libro II, 1103a-1104a.

1. Xa que existen dúas clases de virtude, a dianoética e a ética, a dianoética xorde e medra principalmente pola aprendizaxe e por iso precisa de experiencia e de tempo. En cambio a ética xorde do costume, por iso o seu nome varía un pouco do de “costume”. Deste feito resulta evidente que ningunha das virtudes éticas se da en nós por natureza, pois nada do que existe por natureza cambia por costume. Así, por exemplo, a pedra, que por natureza vai cara abaixo, no se afaría a ir cara arriba por máis que se intentase meterlle o costume tirándoa moitas veces cara arriba, nin o lume se afaría a ir cara abaixo, nin ningunha outra cousa que é de certa natureza podería afacerse a ter outra distinta. Así é que as virtudes non se producen por natureza nin contra a natureza, senón porque temos de noso aptitude para recibilas e perfeccionalas mediante o costume. Ademais, de todo o que está na nosa natureza, primeiro acadamos as capacidades e logo desenvolvemos as actividades (isto é evidente no tocante ós sentidos; non adquirimos os sentidos por ver moitas veces ou oír moitas veces, senón o contrario: usámoslos porque os temos, non os temos porque os usamos). En cambio, as virtudes adquirímolos porque antes as exercitamos, como ocorre coas demais artes. (...) Ademais as mesmas causas e os mesmos medios producen e destrúen toda virtude, igual que na arte, pois tocando a cítara xorden os bos e os malos citaristas, e da mesma maneira os construtores e todos os demais, pois se constrúen ben serán bos construtores e se constrúen mal serán malos. De non ser así, non faría ningunha falta o mestre, senón que todos serían de nacemento bos ou malos. Coas virtudes ocorre o mesmo: As actuacións nas relacións cos demais é o que fai que uns sexan xustos e outros inxustos; as actuacións nos perigos afacéndonos a ter medo ou a ser valentes fai a uns valentes e a outros covardes. (...) 2. Así pois, xa que o presente tratado non é teórico coma os outros (pois non investigamos para saber que é a virtude, senón para ser bos, pois doutra maneira sería inútil), cómpre investigar o tocante ás accións, como as hai que facer, pois elas son as causantes da adquisición dos distintos costumes, como xa dixemos. Que hai que actuar de acordo coa recta razón é algo de aceptación común e que se da por suposto. Xa falaremos logo diso e do que é “a recta razón” e que relación ten coas demais virtudes (...) Primeiramente hai que observar que estas cousas [as virtudes éticas] de natural se destrúen por exceso ou por defecto, tal como vemos que ocorre co vigor e a saúde (...) mentres que en cantidade moderada prodúcea, incrementaa e consérvaa. Así ocorre tamén coa moderación, a virilidade e as demais virtudes. O que foxe de todo, ten medo e non atura nada vólvese covarde, o que nada teme e se bota a todo, afoutado, o que goza de todos os praceres e non se arreda de ningún, intemperante, e o que foxe de todos, como os rústicos, un insensible. Polo tanto, a moderación e a virilidade destrúense por exceso e por defecto e consérvanse coa moderación.

ARISTÓTELES, Ética a Nicómaco, Libro II, 1103a-1104a

ARISTÓTELES, texto 3 Política, Libro I, 1252a-1253a

ARISTÓTELES (texto 3) Política, Libro I, 1252a/1253a

1. Como vemos que toda cidade (pólis) é unha comunidade, e toda comunidade está constituída pra algún ben -pois todos fan todo polo que parece ser bo-, é evidente que todas apuntan a algún ben e, sobre todo, apunta ó ben máis importante a comunidade máis importante de todas e que abrangue tódalas outras: esta é a chamada cidade (pólis), e cidadá (politiké) a comunidade.

2. (...) A comunidade perfecta de varias aldeas é xa a cidade, con, por así dicilo, a perfección de toda

suficiencia (autárkeia), e nacida pra vivir, pero existente pra vivir ben. Por eso toda cidade o é por natureza, se tamén o son as comunidades previas, xa que ela é fin destas e a natureza é fin. Porque o que cada ser é, despois de rematada a súa xénese, é o que dicimos que é a súa natureza, por exemplo, a do home, do cabalo, da casa. Ademais a causa e o fin son o mellor, e a suficiencia é fin e o mellor.

De todo eso resulta que a cidade é das realidades naturais e que o home é un animal social (zôon politikón), e que o asocial por natureza e non por acaso ou é inferior ou superior ó home, coma o censurado por Homero coma home sen tribo, sen leis, sen fogar (...), Por que o home é animal social en maior medida que a abella ou calquera animal gregario é cousa evidente: a natureza, como dicimos, nada fai en van, o home é o único dos animais que ten a palabra (lógos). Pois ben, a voz é signo do doloroso e do pracenteiro e por eso está presente tamén nos outros animais, xa que a súa natureza chega ata ter percepcións do doloroso e do pracenteiro e a que as signifiquen os uns ós outros. Pero a palabra é pra expresar o conveniente e o danoso, así como o xusto e o inxusto, porque é propio dos homes fronte dos outros animais ser o único que ten percepción do ben e do mal, do xusto e do inxusto, e doutras cousas. A comunidade en todo eso fai a familia e a cidade.

(...) Todo está definido pola súa función e pola súa capacidade, de tal xeito que, cando as cousas xa non son, non se debe dicir que seguen sendo elas, senón algo co mesmo nome. É evidente, pois, que a cidade é por natureza e antes que cada un, xa que, se cada un illado non é autosuficiente, estará na mesma posición que as demais partes fronte ó todo, e aquel que non ten capacidade de vivir en sociedade ou que nada necesita pola súa autosuficiencia, non é parte algunha da cidade, mesmamente coma unha besta ou un deus. Por natureza está en todos o impulso cara a tal sociedade, e o primeiro que a estableceu é causante de grandes bens, xa que, tal coma o home cabal é o mellor dos seres vivos, así tamén, afastado de lei e xustiza, é o peor de todos, porque a inxustiza máis inaturable é a que ten armas, e o home por natureza ten armas prá prudencia e a virtude, pero é moi posible que as empregue prós seus contrarios; por eso sen virtude o home é o máis impío e salvaxe, e o peor prás luxurias e as enchentes, mentres que a xustiza é da sociedade porque a xustiza é ordenación da comunidade política, a xustiza é decisión do que é xusto.

ARISTÓTELES: Política, Libro I, 1252a-1253a

7. FILOSOFÍA HELENÍSTICA

Este é o **contexto histórico para os textos de ética e política de Aristóteles**. O período helenístico comeza co imperio de Alexandre pero contabilízase dende a **morte de Alexandro** no 323 a. C. ata o **ano 30 a. C.** no que se produce a derrota de Cleopatra e Marco Aurelio polos romanos (Xeneral Octavio).

7.1.- MARCO HISTÓRICO

O **helenismo** correspóndese co **imperio legado por Alexandre Magno** gobernado por macedonios e persas. Trala morte de Alexandre sucédense 40 anos de loitas entre os xenerais.

Existiron **tres familias** sucesoras dos xenerais:

- Os herdeiros de Antígono formaron a **dinastía dos antigónidas** que dominaron a parte **europaea** do imperio.
- Os sucesores de Seleuco formaron a **dinastía seléucida** que se quedaron coa parte **asiática** do imperio.
- E os continuadores de Ptolomeo constituíron a **dinastía lágida**, nome que se debe ó pai do xeneral Ptolomeo, pois chamábase Lagos. Dominaron a parte **africana** do imperio: **Exipto**.

7.2.- CONDICIÓN S SOCIO-POLÍTICAS

A formación do imperio por parte de Alexandre tivo como inmediata **consecuencia** a **decadencia das polis gregas**, que **deixan de ser autárquicas** para formar parte dun enorme imperio. A política alexandrina tende á **fusión cultural**.

a) Consecuencias positivas:

Esténdese a **linguaxe e a cultura gregas**

O imperio facilita as **viaxes** e as comunicacións

O patriotismo grego desaparece en favor do **cosmopolitismo** (cidadáns do mundo). Todo isto provoca a influencia das **relixións orientais e da astronomía babilónica**

b) Consecuencias negativas:

As **polis perden a súa identidade** e o seu poder en favor do imperio.

O **cidadán vese desprovisto da participación política** e convértese nun "**idiotés**": individuo illado.

No mundo grego penetran **supersticións, maxia e astroloxía da cultura oriental**. **Atenas decae** e perde o seu poder político, en favor de **Alexandría**.

Todo isto provoca o **malestar** da sociedade grega: o individuo xa no é un cidadán, pois pertence a un inmenso e artificial imperio, senón un idiotés (individuo illado da sociedade).

7.3.- FILOSOFÍA

Debido as novas condicións socio-políticas, a principal **función da filosofía** da época é servir de **guía para a salvación (ética)**; adquire, por tanto, unha función fundamentalmente **ética**: tranquilizar ao cidadán desorientado. Deste xeito, emerxe o "**ideal de sabio**" como aquel capaz de **alcanzar a felicidade nun mundo** no que a maioría se atopa **desorientado**.

O pensamento helenístico desenvólvese en **dúas vertentes**:

7.3.1.- HELENISMO FILOSÓFICO EN ATENAS

A filosofía concéntrase en ofrecer unha **solución ética** para o **home grego** que **perdeu o seu**

antigo modelo político: a polis autárquica. Para subministrar esta solución ética recorren ás **escolas socráticas menores**, sendo estas as que constitúen a base do helenismo filosófico. Estas escolas **rexeitaban a interpretación platónica de Sócrates** como un “**intelectualista moral**” concentrado na definición das ideas morais e **destacaban outros aspectos da figura de Sócrates**:

a) A súa insistencia na **limitación do coñecemento** ("só sei que non sei nada"). b)

O interese de Sócrates pola **vida natural, non convencional**.

c) A **independencia do carácter** de Sócrates e o seu desinterese por “o que dirán”.

ESCOLAS FILOSÓFICAS HELENÍSTICAS

A) O EPICUREÍSMO (IV-III A. C.)

Fundada por Epicuro de Samos (S. IV-III a C.). En Atenas **fundou unha escola chamada “O xardín de Epicuro”**, pois Epicuro abriu a súa escola no xardín da súa casa para o descanso, a reflexión e o diálogo.

Os **antecedentes** do epicureísmo son dous:

a) **en Ética** retoma o **hedonismo** (hedoné= pracer) que profesara a Escola Cirenaica (Escola socrática menor).

b) **en Física** retornan ao **atomismo de Demócrito**.

Epicuro profesaba un **odio profundo aos medos e supersticións** infundadas: sobre todo rexeita o medo **á morte**. Por iso para el a **filosofía ten unha función práctica**. A filosofía debe ser un remedio contra os catro medos fundamentais, é un “**cuádruple fármaco**”, un “**tetrafarmacon**”: contra a **morte**, contra os **deuses**, contra o **destino** e contra as **falsas necesidades creadas**.

Dividen a filosofía en: **canónica** do coñecemento, **física atomista** e a **ética**.

A ÉTICA É A PARTE MÁIS IMPORTANTE da súa filosofía. É **unha ética hedonista que identifica a felicidade co pracer (hedoné)**. O home pode alcanzar a felicidade que consiste na “**ataraxia**” ou ausencia de dor e perturbacións (imperturbabilidade): **apártarse de todo canto perturba o espírito**, como é o caso da **política** (o **ideal de sabio de Epicuro** é aquel que non se dedica á política), e céntranse no cultivo da **amizade**. É, por tanto, **unha ética máis hedonista e menos intelectualista cá de Aristóteles e Platón**.

B) O ESTOICISMO

Escola **fundada por Zenón de Citio** na **ágora de Atenas** no chamado “**Pórtico Pintado**” (en grego: **Stoa poikilé**), razón pola cal os seus discípulos foron chamados os estoicos.

É a máis importante escola da época e **influirá no Neoplatonismo (Plotino)**, na **patrística árabe e latina**, no **renacemento** e na **filosofía moderna “racionalista”** (Descartes, Spinoza e tamén na ética de Kant, porque falan do concepto de “**deber**” racional).

Dividen a filosofía en **tres partes: física, lóxica e ética**

a) Física:

Están influenciados pola idea do “**logos universal**” da filosofía de **Heráclito**. Tamén identifican o cosmos con deus (**panteísmo**) e consideran que no cosmos todo está “**determinado**” e nada ocorre

por azar. **O sabio é o que comprende e acepta o que acontece, o destino.** De ahí a frase “aguantar estoicamente”.

b) Lóxica: Desenvolven a lóxica proposicional e defenden o nominalismo.

C) ÉTICA: É A PARTE MÁIS IMPORTANTE. A súa ética non é de tipo hedonista coma a epicúrea que propón un gozo moderado dos praceres, senón **“de tipo racionalista” (influirá en Descartes, Espinoza e Kant!)**, é a ética máis racionalista do mundo grego, incluso **máis racionalista cá de Aristóteles**. Consideran que todo o que acontece no mundo está rexido polo “logos universal” e por tanto o **sabio estoico** é aquel que **coñece e acepta o destino**. Nun **cosmos “determinado”** pola orde racional, a **liberdade humana** só pode consistir na **aceptación desa determinación**, na aceptación do que é inevitable e necesario e non tratar de rebelarse ante o inevitable; de aí ven o noso dito **“aguantar estoicamente”**.

Condenan toda influencia das paixóns (corpo) na razón (alma) e o seu ideal de **sabio** é un home **capaz de autodominarse** (coma Sócrates) **mediante a razón**. A **felicidade** consiste, pois, no autodomínio racional ou **“apatheia”** (a: significa “non”, “sen” e “pathos”: paixón): **ausencia de paixón**. Sen embargo, contrariamente ós epicúreos, defenden que o **sabio si debe dedicarse á política**.

Outras doutrinas importantes:

- Defenden o **cosmopolitismo** e a teoría do **dereito natural (influencia no iusnaturalismo)**. - Descubren a **noción de valor (influencia en Max Scheler)** e o concepto de **deber** que influirá en Kant.

C) O ESCEPTICISMO

O fundador foi **Pirrón de Elis (360-275 a. C.)**. Acompañou a Alexandre en todas as súas campañas observando pobos e costumes moi diferentes o que o levou a crer que **non hai ningún fundamento racional para preferir unha pauta moral de conducta mellor que outra (relativismo moral na liña dos sofistas)**.

A palabra escéptico provén do grego **“skeptomai”** que significa **“examinar atentamente”**; por tanto, despois de examinar atentamente a realidade **o escéptico chega a conclusión de que “nada se pode coñecer con exactitude e certeza” (escepticismo)**. Antecedentes desta actitude escéptica son os **sofistas**, por exemplo **Gorxias**.

Por tanto, **non podemos emitir xuízos** como **“isto é falso”** ou **“aquilo é verdadeiro”**. A **única postura sensata para o escéptico** é **“absterse de emitir xuízos”**, isto é, practicar a **“epojé” (abstención do xuízo)**, influirán no xudeu alemán **Husserl**, mestre de **Heidegger**.

Sen embargo, para poder vivir dentro da sociedade, os escépticos **aceptaban os coñecementos máis “probables”** (como na modernidade fará o empirista escéptico moderado **David Hume**). O escepticismo rexurdirá tamén en tempos de **Descartes** (con Montaigne).

TAMÉN A ÉTICA É A PARTE MÁIS IMPORTANTE: Por tanto a súa ética é **relativista** **enfróntase** ao hedonismo de Epicuro ou o racionalismo da **“apatheia”** estoica.

7.3.2.- HELENISMO CIENTÍFICO

Tivo o seu **centro en Alexandría**, fundada polo propio Alexandre. Pero logo da súa morte esta

parte do imperio correspondeulle ó xeneral Ptolomeo, señor de Exipto, que fundou a dinastía dos Ptolomeos. Pola súa favorable situación xeográfica, Alexandría poboouse de gregos, exipcios e xudeus, e instalouse unha fogueira permanente na **illa de Faros** para guiar a navegación (de aí que nós utilizemos a palabra “faro” para orientar os barcos, dun coche ou dunha moto).

Alexandría converteuse no novo centro da cultura grega e **Ptolomeo fundou o “Museo” ou “casa das musas”**. Non era un museo no sentido actual, senón unha **enorme biblioteca** con cómodas **salas de estudio, laboratorios** de disección de animais, **xardíns botánicos e zoolóxicos, observatorio astronómico** etc. Dispoñía de **catro departamentos**: un de **literatura**, outro de **matemáticas**, un terceiro de **astronomía** e outro de **medicina**. A orientación do Museo seguía o **modelo do Liceo aristotélico**, pero **restándolle importancia á metafísica** para concederlle a **investigación empírica**.

Arredor do museo floreceu a ciencia: grandes matemáticos coma **Euclides**, astrónomos coma **Aristarco de Samos, Hiparco e Claudio Ptolomeo**, físicos como **Arquímedes**, e grandes médicos como **Galeno** que dispuña dos antigos coñecementos de Hipócrates.

7.3.2.1.- EUCLIDES DE ALEXANDRÍA

Recolleu o material **matemático** dos pitagóricos e organizouno nun sistema formal axiomático nunha obra que ata o século XX foi utilizada en escolas e universidades: “**Elementos de Xeometría**”.

7.3.2.2.- ARQUÍMEDES

Era matemático, físico e enxeñeiro.

Como **matemático** ideou un método para medir figuras limitadas por liñas curvas dividindo a área infinitamente. Gracias a el, descubriuse na modernidade o **cálculo infinitesimal**: derivadas e integrais descubertas por Leibniz e Newton.

Como **físico** descubriu as **leis da palanca** e o “**principio de Arquímedes**” referente ó líquido desprazado pola forza dun sólido mergullado nun recipiente de auga.

Como **enxeñeiro** inventou a **catapulta** utilizada contra as naves romanas, uns **espellos cóncavos** que concentraban os raios solares utilizados como arma para queimar as velas das naves romanas e tamén inventou a **hélice** para extraer auga dos ríos (posteriormente os tornillos).

7.3.2.3.- ARISTARCO DE SAMOS

Foi astrónomo, “**o Copérnico do mundo antigo**”, pois foi o único que **defendeu o heliocentrismo** fronte o xeocentrismo de Aristóteles que foi o que se mantivo ata o renacemento. Calculou que o **diámetro do sol** era 20 veces maior que o da **Terra** e que o da **Lúa** era a metade ca o da Terra utilizando un método de medición de ángulos.

7.3.2.4.- ERATÓSTENES

Tamén astrónomo, afirmou, coma fixera Aristóteles, que a **Terra é esférica** (algo que non se comprobou ata o descubrimento de América por Colón). Pero ademais ideou un método moi enxeñoso para **medir a circunferencia da Terra** cun erro moi pequeno. E , por fin, precisou a **duración dun ano solar** en 365 días e algo menos dun cuarto de outro.

5.3.2.5.- CLAUDIO PTOLOMEIO

Non é xa do período helenístico, pois viviu no **século II** despois de Cristo. Levou a cabo

unha **síntese de todos os coñecementos astronómicos de Alexandría** nun libro titulado **“Gran síntese matemática”**, logo coñecido como **“Almagesto”**. Este libro tivo unha **enorme importancia**, pois **detallaba a explicación aristotélica do cosmos**, por iso se coñece como **“sistema aristotélico ptolemaico”**. Nel defende o **xeocentrismo** e explica a **traxectoria dos planetas**. O sistema aristotélico-ptolemaico **perdurará máis de mil anos**, ata que se enfronten a el os representantes ilustres da **ciencia moderna**: **Copérnico, Kepler, Galileo, Descartes, Newton**.